

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP PLURILINGÜE
RAMÓN OTERO PEDRAYO -
AMOEIRO

CÓDIGO DO CENTRO: 32000356

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	6
2. ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	7
2.1. COMPOSICIÓN	7
2.2. REUNIÓN S	8
2.3. FUNCIÓN S DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA	8
3. ANTECEDENTES	9
3.1.N.O.F	9
3.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	10
4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CONTEXTO	11
4.1. UBICACIÓN	11
4.2. INSTALACIÓN S	11
4.3. ALUMNADO	12
4.4. PROFESORADO	13
4.5. SERVIZOS DO CENTRO	13
4.6. PLANS E PROXECTOS	13
5. CONCEPTOS E PRINCIPIOS BÁSICOS SOBRE A CONVIVENCIA	14
5.1. NORMATIVA	14
5.2. CONCEPTOS BÁSICOS	15
6. PLAN DE CONVIVENCIA	18
6.1. FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	18
6.2. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA (ARTIGO 12 DO DECRETO 8/2015)	19
6.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	20
6.4. P.A.T.	29
7. PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS	58
7.1. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO	58
7.2. PROTOCOLO OU PROGRAMA DE MEDIACIÓN	64
7.3. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO	65
7.4. PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO	66
7.5. PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS	67
7.6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN	

GALICIA.....	68
7.7. PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA NOS ÁMBITOS EDUCATIVO E SANITARIO	68
7.8. PLAN DE EVACUACIÓN	69
7.9. PLAN DE ACOLLIDA.....	72
7.10. PLAN DE BENESTAR.....	91
7.11. ESCOLA DE NAIS E PAIS.....	104
8. USO DOS DISPOSITIVOS MÓBILES.....	105
9. ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	106
10. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN.....	108
11. APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	109

1. INTRODUCCIÓN

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A escola non só debe ocuparse dos contidos académicos, senón que debe traballar as actitudes, as normas e valores. A educación regrada debe educar na cooperación, na tolerancia, na solidariedade, na resolución pacífica de conflitos, no respecto ás normas de convivencia, etc., intentando formar futuros adultos que saiban resolver os conflitos que lles vaian xurdindo ao longo da vida dunha forma pacífica, é dicir, que aprendan a convivir, respectándose a sí mesmos e aos demais.

A mellora da convivencia escolar empeza pola responsabilidade compartida de todos os membros da comunidade educativa.

É necesario pois, que o profesorado e as familias estreiten a súa colaboración, contando, ademais, coa axuda das institucións que traballan no ámbito da infancia e da adolescencia.

Desde o centro escolar elaboramos o presente plan coa intención de promover e desenvolver actuacións relativas ó fomento da convivencia.

O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Para que sexa efectivo debe ser coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, traballadores /as do centro...

Traballamos na procura dun clima nas aulas relaxado e cordial que faga que as aprendizaxes sexan mais significativas, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo, a tolerancia e atención á diversidade.

2. ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia creada segundo establece a normativa e será aprobado pola dirección do CEIP Ramón Otero Pedrayo, tal e como se recolle no artigo 132.I. da LOMCE correspondendo a súa avaliación ao consello escolar do centro (artigo 127.a da LOMCE).

2.1. COMPOSICIÓN

A comisión de convivencia constituirase no seo do consello escolar; ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no Decreto 8/2015 que desenvolve a LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG. 15/06/2011) no plan de convivencia e nas normas de convivencia do colexio.

Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

A composición da nosa comisión de convivencia será a seguinte:

- Directora do centro: Presidenta
- 1 Representante do profesorado
- 1 Representante de pais/nais
- Orientadora

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

2.2. REUNIÓNS

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

2.3. FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

3. ANTECEDENTES

3.1.N.O.F

O centro ten elaborado as Normas de Organización e Funcionamento dende o curso 2013/14 , documento que recolle as normas concretas de actuación. Polo tanto partimos deste documento. Este plan de convivencia non substitúe ao NOF senón que o integra dentro del, e vaise modificando en función de aspectos que van xurdindo, sendo aprobados no Consello Escolar.

RELACIÓN ENTRE O PLAN DE CONVIVENCIA E O NOF:

- Incorporar, entre os **dereitos** do alumnado, os referidos á formación integral e coeducativa, respecto á identidade, integridade e dignidade persoal, protección contra toda agresión física e moral.
- Incorporar, entre os **deberes** do alumnado, aqueles que teñen que ver con tolerancia e respecto á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; coa non discriminación; coa implicación na vida do centro e na consecución dun clima axeitado de estudo; co respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina; coa asistencia regular a clase e o coidado dos recursos e instalacións.
- Incorporar, entre as **finalidades educativas**, aspectos relacionados co rexeitamento a todo comportamento discriminatorio; formación para a resolución pacífica dos conflitos e para a convivencia; coordinación e cooperación do profesorado; promoción de metodoloxías de aprendizaxe

cooperativa; promoción das relacións escola-familia etc.

3.2. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial inclúe numerosas actuacións para a mellora da Convivencia . As accións levadas a cabo, tanto a nivel individual como a nivel grupal, co alumnado, profesorado e familias teñen unha incidencia importantísima nas relacións da comunidade educativa. O diálogo dos/as titores/as é fundamental para coñecer os problemas existentes e intentar darlle solución. Tamén é importante que o alumnado teña mecanismos e estratexias para poder resolver problemas sen chegar ás ameazas nin físicas nin verbais.

RELACIÓN ENTRE O PLAN DE CONVIVENCIA E O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

- Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquedanzas, ás relacións persoais, coa finalidade de producir as respostas educativas máis axeitadas.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, mestras e mestres, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial, da importancia da estimulación dos fillos e das fillas, da promoción da súa autonomía, dos valores que hai que considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

4. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CONTEXTO

4.1. UBICACIÓN

O *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo* de Amoeiro (Ourense) atópase emprazado nun ámbito rural próximo á cidade de Ourense, a uns 15 Km. Amoeiro enmárcase na meseta de Os Chaos, situada ao noroeste do val do río Miño, limitando ao este co municipio de Coles, ao norte con Vilamarín e San Cristovo de Cea, ao sur coa capital da provincia de Ourense e Punxín e ao oeste co de Maside. Posúe unhas características xeográficas moi singulares que o converten nunha das comarcas mellor individualizadas de toda Galicia. En xeral, trátase dun terreo chaira e fértil cunha paisaxe homoxénea e atractiva, que se complementa con capas forestais a base de piñeiros e eucaliptos.

O nivel social das familias que envían os/as fillos/as ao colexio é variado, podendo considerar como predominante a clase media e media-baixa nalgúns casos.

As parroquias das que procede o alumnado son: Abruciños (San Xoán), Bóveda de Amoeiro (San Paio), Cornoces (San Martiño), Fontefría (Santa Mariña), Parada de Amoeiro (Santiago), Rouzós (San Cibrao), Trasalba (San Pedro) e do mesmo Amoeiro (Santa María). Tamén contamos con alumnado procedente do concello de Vilamarín.

Este centro está adscrito ao *IES Julio Prieto Nespereira* ao que acode o alumnado que remata aquí os seus estudos.

4.2. INSTALACIÓNS.

O colexio consta dun só andar. As aulas son amplas e moi luminosas, en especial as de Educación Infantil, 1º e 2º de Educación Primaria.

Actualmente o centro conta con:

- 2 unidades de Educación Infantil.
- 5 unidades de Educación Primaria.
- 1 aula de música.
- Biblioteca

- Aula Pulido
- Ximnasio.
- Patio cuberto, pechado con tarima e calefacción
- Para desdobres utilízanse a aula Pulido e a biblioteca.

Outras dependencias:

- Secretaría, que comparte espazo co departamento de Orientación.
- Dirección.
- Sala de mestras e mestres.
- 3 baños (dous para o alumnado, asistindo E.I. 1º e 2º ao baño que se atopa a carón da aula de música, e de 3º a 6º de E.P. utiliza o baño que se atopa no corredor de ditas aulas. O outro baño, situado na zona de oficinas, é para mestras e mestres).
- A cociña e o comedor sitúanse na parte de atrás do colexio, aos que se accede desde o patio pechado, onde se fan as filas antes de subir ás clases.

No exterior hai unha cancha de fútbol e unhas canastras de baloncesto, ademais dunha grande zona verde pola parte traseira do edificio, con moitas árbores e zonas de sombra. O patio dianteiro conta con rocódromo, encerados, xogos pintados no chan e areeiro, así como unha zona dedicada a aparcadoiro.

4.3. ALUMNADO

O *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo (Amoeiro)* conta actualmente cun total de 77 alumnos/as . É un centro con moita mobilidade de alumnado, producíndose tanto baixas como incorporacións unha vez empezado o curso. A maioría veñen en transporte escolar das parroquias que pertencen a este concello.

O rateo do alumnado varía en función dos agrupamentos; así nos cursos dun só nivel é baixo, pero nalgúns grupos mixtos (5º-6º E.P.) é elevado, pois conta con 18 nenos e nenas.

Salientar que o alumnado do centro non é conflitivo nin presenta problemas graves de conduta, senón que presentan problemas de aprendizaxe que repercute directamente no seu rendemento escolar.

4.4. PROFESORADO

O claustro de profesores está formado, neste curso escolar, por un total de 13 persoas, e unha delas está a tempo parcial (PROA). A maiores hai dúas mestras itinerantes: a mestra de relixión compartida con outro centro, e, a orientadora con outro, o seu centro base, acudindo ao noso os mércores. Só hai catro mestres/as definitivos no centro, o que dificulta dar continuidade aos proxectos iniciados e á organización do mesmo. O clima de traballo no centro pódese considerar como bo ou moi bo.

4.5. SERVIZOS DO CENTRO

O centro conta con:

- Servizo de transporte escolar
- Servizo de comedor escolar de xestión directa, dispoñendo dun cociñeiro para a elaboración dos menús. Por contar o comedor con 85 prazas hai unha persoa axudante de cociña no centro.
- Acollida temperá, que funciona en horario de 8:00 a 9:15 horas, nos meses de setembro e xuño, e, de 8:00 a 10:00 horas de outubro a maio. Este servizo está xestionado polo Concello.
- Actividades extraescolares en horario de 16:30 a 17:30 de luns a xoves, e, de 15:15 a 16:15, os venres. Este servizo está xestionado pola ANPA.

4.6. PLANS E PROXECTOS

O *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo* desenvolve e participa nos seguintes plans e proxectos: plan Proxecta, E-Dixgal, plan Dixital de centro, proxecto Plurilingüe, plan anual de lectura, PLAMBE, plan de benestar emocional, plan de igualdade (2021-2022), Proa, PFPP: polos creativos.

5. CONCEPTOS E PRINCIPIOS BÁSICOS SOBRE A CONVIVENCIA

5.1. NORMATIVA

Na sociedade actual hai unha gran preocupación por estes temas que ten como resultado a publicación de abundante normativa neste sentido; polo tanto, para a elaboración deste documento teremos presente as seguintes referencias:

- Constitución Española
- Lei 4/2011, de 30 de xuño de convivencia e participación da Comunidade Educativa.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, LOE, (BOE 4 de maio de 2006)
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade Educativa, LOMCE, (BOE 10 de decembro de 2013).
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación (LOE).
- Lei 3/2007 de 22 de marzo sobre Igualdade.
- Lei 16/2010 do 17 de decembro de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de Convivencia Escolar.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico (ROC) das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na CAG.

- Orden 24 de xullo de 1998 polo que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional regulada polo Decreto 120/1998.
- Declaración Universal do dereitos Humanos.
- Tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.
- Proxecto Educativo de Centro e Plan de Acción Titorial.
- Normas de Organización e funcionamento (NOF).

- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

- Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos.

5.2. CONCEPTOS BÁSICOS

- ✓ **Convivencia:** Vida en común cunha ou varias persoas, compartir vivencias xuntos.
- ✓ **Conflicto:** Diferenza de criterios, de aspiracións, desexos e intereses contrapostos

das persoas ou grupos.

Esa vida común na escola implica relacionarse a diario bastantes persoas, de aí que sexa fácil que xurdan conflitos; onde hai vida hai conflito. Cando se fala de conflitos, con frecuencia téndese a percibilos de maneira negativa porque se confunde coa forma en que habitualmente se pretende resolvelos, empregando a agresividade. A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos, senón en aprender a resolvelos pacificamente por medio do diálogo, da comunicación, do acordo, da negociación, do entendemento e da concordia.

No PLAN DE CONVIVENCIA partimos dunha análise da convivencia actual no centro identificando os factores conflitivos e de risco que xorden diariamente entre todos os membros da Comunidade Educativa tendo en conta a participación das partes implicadas. Isto supón a análise do conflito, determinación das responsabilidades, emprego dos recursos á súa disposición e a concreción de medidas correctoras se fosen precisas.

Debe de marcar as liñas xerais de actuación, os principios a seguir e as realizacións concretas co propósito fundamental de regular e mellorar o clima das relacións no centro e coa intención de transmitir o saber convivir con todo o que representa:

- Tolerancia.
- Respecto.
- Diálogo.
- Comprensión crítica.
- Empatía social.
- Competencia social, e en xeral todo o que representa.
- Resolución pacífica de conflitos.

✓ **Problemas de convivencia que poden xurdir na escola:**

Os problemas de convivencia poderíanse agrupar nos seguintes apartados:

- Agresións físicas reais ou finxidas: Beliscar, trabar, golpear, empurrar,
- Apropiación indebida de obxectos que pode ir desde esconder pertenzas, destruír obxectos. facerse cun obxecto pola forza, ata o “roubo”.
- Absentismo escolar que pode ser puntual, intermitente ou inicial.
- Agresións verbais: disputas, insultos, ironías malévolas.
- Diversas formas de rexeite.
- Agresións contra os adultos: desobediencia, infracción das regras, etc.
- Acoso escolar.
- A disrupción escolar é dicir condutas que alteran o correcto funcionamento do proceso ensino-aprendizaxe. Por exemplo:

- a) Falta de rendemento que se caracteriza por una grande pasividade, desinterese por aprender e un sentimento de apatía cara a todo o relacionado co proceso de ensino- aprendizaxe.
- b) Todas aquelas condutas que van dirixidas a “molestar na aula” (falar na clase, non deixar explicar ao profesor, gastar bromas que interrompen na clase, molestar a alumnos que sí queren traballar, etc).
- c) Absentismo (chegar tarde, mentir para non ir á clase, etc.)

Dentro de cada apartado debemos considerar a frecuencia con que se producen eses problemas e as consecuencias que deles se poden derivar.

✓ **Principios básicos**

- En educación é necesario o establecemento claro de límites. A disciplina escolar contribúe grandemente a solucionar os problemas de convivencia.
- A través de moitos estudos está comprobado que se o alumnado ten un papel activo en definir con claridade as normas tende a cumprilas máis. Por iso os escolares deben participar, de forma democrática, na elaboración das normas de clase atendéndose sempre ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
- Outro principio a ter en conta é o seguinte: “A impunidade ante a violencia provoca máis violencia”.
- As sancións deben contribuír a diferenciar entre agresores e vítimas: sanción ao agresor ou agresora e apoio á vítima (hai que evitar que a persoa violenta se converta en heroe).
- A disciplina debe buscar a integración, a confianza, a autoestima positiva, a autonomía, e a empatía.
- A disciplina debe evitar: a exclusión, o medo, as ameazas, a submisión, o silencio como norma, a competitividade, a humillación.
- . As medidas disciplinarias deben intentar reparar o mal feito e ao mesmo tempo favorecer cambios cognitivos, emocionais e de conduta na persoa que os infrinxiu.
- . As normas de clase elaboradas na titoría deben responder ao concepto de disciplina positiva (definindo o que hai que facer e non o que está prohibido).

Hai que consensuar igualmente a forma de aplicar as regras e as consecuencias do seu incumprimento:

- Poucas regras e moi claras, consensuadas, públicas e consistentes (que se apliquen sempre).
- As consecuencias e incluso os castigos derivados dalgúns tipos de conflito deberían gardar relación co ocorrido (quen rompe restitúe, quen non traballa recupera, quen arremete pide desculpas...)
- Non só se buscará a resolución do problema de forma punitiva senón que se tratará, de conseguir unha aprendizaxe para que esa conduta non se volva a repetir ou alomenos diminúa en gravidade e frecuencia.
- Avaliarase cada caso de forma individual á hora de impoñer un castigo e/ou as medidas correctoras mellores en cada caso.

6. PLAN DE CONVIVENCIA

6.1. FINS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes **(artigo 3 da Lei 4/2011)**

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ó profesorado, en especial ós membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

6.2. OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA (ARTIGO 12 DO DECRETO 8/2015)

O plan de convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos

xerais:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

6.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
2. Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro, tendo especial atención aos accesos ao colexio, patios de recreo, zonas de xogo e comedor, así como nos momentos de maior actividade tales como: entradas, saídas, cambios de clase e recreos.
3. Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa entre o alumnado, familias e profesorado.
4. Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
5. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
6. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.

7. Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
8. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
9. Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
10. Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
11. Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
12. Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.
13. Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
14. Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).
15. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
16. Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PROFESORADO:

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Claustro, Consello Escolar, ANPA, Comisión de convivencia.

2. Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
3. Conseguir un entorno educativo axeitado para o proceso de aprendizaxe.
4. Utilizar metodoloxías que potencien o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
5. Promover e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais e do fomento do diálogo e a comunicación, bases dos valores democráticos, así como a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
6. Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
7. Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
8. Coñecer o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito: convivencia, violencia e acoso ou ciberacoso.
9. Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuizos. 10. Fomentar a propia formación en temas relacionados coa convivencia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO.

1. Participar no regulamento das normas de convivencia do centro e asumir as consecuencias derivadas do seu incumprimento.
2. Aceptar as diferenzas e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
3. Utilizar o diálogo e o consenso como primeira estratexia de resolución de conflitos.
4. Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados, de xeito pacífico.
5. Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno: material e instalacións.
6. Facer un uso positivo da linguaxe, asertivo, libre de violencia e prexuizos.
7. Traballar HHSS:
 - confiar en nós mesmos e nos demais
 - comprender e expresar as nosas emocións e autocontrolar a frustración
 - ser empáticos.

8. Fomentar o esforzo fronte a competitividade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA AS FAMILIAS

1. Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, ANPA, Comisión de convivencia.
2. Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
3. Colaborar e asumir medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
4. Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.
5. Facer un uso positivo da linguaxe, asertivo, libre de violencia e prexuizos.

Así mesmo, pretendemos coa elaboración do plan no noso centro:

- Preparar ao noso alumnado para a vida social adulta a través da formación integral e fomentando a súa autonomía.
- Asumir e practicar valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario, e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres,...)
- Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada, boas relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción,..).
- Atender á diversidade.
- Todas as persoas deben sentirse valoradas, escoitadas, responsables e participativas na toma de decisións.
- Concienciar aos membros da comunidade educativa de que lograr un bo clima de convivencia no centro é labor de todos e todas.

- Aprender a resolver os conflitos de forma pacífica, primando o diálogo e o entendemento.
- Procurar que as medidas correctoras impostas sexan educativas e recuperadoras, e non só punitivas.

SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Na actualidade o clima de convivencia no centro pódese considerar bo. Non se observan serios problemas, aparecendo de cando en vez algún de forma esporádica, que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor. Nalgunha ocasión tense que tomar algunha medida máis severa.

Digamos que non ocorreron feitos que alteren gravemente a convivencia, pero sí se producen a miúdo desaxustes e condutas contrarias á norma que é necesario corrixir porque interrompen o normal desenvolvemento das clases, afectan negativamente ao clima de convivencia e deterioran materiais e recursos do centro.

Danse tres perspectivas diferentes á hora de entender a conflictividade dentro do ámbito escolar:

- Unha é a preocupación do profesor por algunhas condutas, que abarcan a disrupción (alumnado que impiden co seu comportamento o desenvolvemento normal da clase), a falta de respecto e a falta de disciplina son as máis frecuentes.
- Outra é a preocupación social que se refire especialmente ás agresións entre iguais.
- A terceira, é a preocupación do alumnado, que se centra nos malos tratos entre iguais, ou illamento.

TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES

Segundo se reflicte nas queixas emitidas por parte do profesorado, os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- 6.4.1. Disrupción na aula: falta de respecto cara ao profesor/a, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar con compañeiros/as,....
- 6.4.2. Distracción e falta de atención.
- 6.4.3. Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- 6.4.4. Desconsideración cara aos compañeiros/as.
- 6.4.5. Cuestiónase, ás veces, a autoridade do mestre/a
- 6.4.6. Pequenas pelexas en espazos comúns (baños, patio, corredores,...),
- 6.4.7. Insultos sobre as características físicas, ou doutro tipo.
- 6.4.8. Así mesmo, vimos apreciando no novo alumnado que se incorpora ao centro (4º de E.I.), ausencia de normas e límites a nivel familiar; cústalles escoitar e atender as ordes dos adultos porque non están habituados a facelo fóra do cole, isto implica moita dificultade no desenvolvemento habitual das sesións de clase.

RESPOSTAS DO CENTRO Á SITUACIÓN DE CONVIVENCIA.

A resposta educativa do equipo directivo e o profesorado do centro é a de promover a actitude de participación e as canles de diálogo e comunicación para solucionar calquera conflito e a de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades para poder tratar de resolvelos cando xurdan.

RELACIÓN COAS FAMILIAS.

A relación coas familias é correcta, habendo reunións de información e coordinación de carácter global ao comezo de curso, por titorías, antes do 31 de outubro, e particular, nas horas fixadas de titoría, os martes de 16:30 a 17:30 horas. É relevante a actuación dos titores/as e mestres e mestras na coordinación coas familias, tendo reunións a petición dunha das partes.

As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro adoita ser comentada coa familia, por se procede algún tipo de intervención, ou pola información que pode engadir sobre a conduta do propio alumno/a.

A relación coas familias é boa aínda que podemos apuntar que falta unha maior implicación no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

EXPERIENCIAS E TRABALLOS REALIZADOS E DESENVOLVIDOS NO CENTRO PARA MANTER E MELLORAR A CONVIVENCIA.

As experiencias previas do colexio centráronse en dous tipos de actuacións:

A) MEDIDAS PREVENTIVAS, antes do conflito:

- Plans de acollida ás familias, alumnado novo, profesorado novo.
- PAT: Trabállanse as normas do centro, da aula e dos diferentes espazos como comedor, biblioteca, patios...; dereitos e deberes do alumnado, normas de cohesión do grupo.
- NOF, normas de convivencia, principios pedagóxicos do centro.
- Plan de atención a diversidade

A) *ACTUACIÓNS DE COORDINACIÓN DO PROFESORADO:*

Coordinación e consenso nas normas e decisións:

- Reunións, claustros: Debate, argumentación, toma e cumprimento de decisións.
- Coordinacións de principio de curso
- Criterios de elección de titorías.
- Organización dos grupos.

B) *RESOLUCIÓN DO CONFLITO POR DIFERENTES VÍAS:*

- a. diálogo do titor/a, director/a con alumnos/as e/ou pais/nais,
- b. amoestacións verbais e escritas,
- c. privación de recreos,
- d. realización de tarefas fora do horario lectivo,
- e. expulsións temporais, etc.

Mediante a conciliación:

- Falando co profesor en privado.
- O profesorado da consellos con pautas a seguir.
- Intervención do Departamento de Orientación.
- Implicación das familias na resolución de conflitos.
- Acódese á vía punitiva cando afectan a danos do material ou faltas de respecto ao profesorado ou ao alumnado.

C) PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE IGUALDADE, COEDUCACIÓN, VIOLENCIA DE XÉNERO, ETC.

- ACTUACIÓNS PARA PREVIR A VIOLENCIA DE XÉNERO:

Actividades de sensibilización da igualdade de homes e mulleres: Día da non violencia de xénero (25N), Día da paz, 8M, lectura de contos que traballen a igualdade e as emocións, realización de murais a nivel centro con esta temática, etc.

- ACTUACIÓNS PARA PREVIR A DISCRIMINACIÓN:

Actividades de sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social: Día de convivencia, Día da muller traballadora, Actividades do día da Paz, Lecturas sobre a non discriminación, Recollida de novas, Realización de debuxos, murais...

- ACTUACIÓNS PARA PREVIR O ACOSO:

Actividades de titoría:

- Establecemento das normas de aula.
- Dereitos e deberes do alumnado.
- Actividades específicas dirixidas á prevención do acoso Actividades formativas: alumnado, profesorado e familias Asesoramento do departamento de Orientación.
- Vixilancia extrema das zonas comúns: patios, recreos, cambios de clase, servizos..

D) MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

Entradas e saídas:

- O alumnado baixará por fóra (marxe esquerda do edificio), e formará filas, por clases, no patio cuberto, agás os días de choiva nos que accederán pola entrada principal e baixarán á zona de filas polo interior.
- O profesorado que teña garda de transporte acompañará ao alumnado ao patio para organizar as filas e indicar a orde de entrada de cada grupo.

Organización dos cambios de clase:

- Puntualidade do profesorado
- O alumnado vai ao servizo nos cambios de clase ou co permiso do profesor/a que teña a seguinte clase.
- O profesorado que teña clase noutra aula irá buscar/levar ao alumnado.

Organización dos recreos:

Número de profesores: 2, poñendo especial atención ao alumnado con condutas disruptivas.

Organización das aulas: grupo, individual, parellas...

Tendo en conta:

- Non discriminación
- Fomentar a interrelación

NECESIDADES DE FORMACIÓN E RECURSOS.

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflictividade.

Faise necesario introducir a formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia na aulas, malos tratos entre compañeiros/as, mellorando tamén en educación para a igualdade, coeducación, prevención da violencia, etc.

ACTUACIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA DE CONVIVENCIA ESCOLAR

- PARA O ALUMNADO:

➤ CHARLAS DO PLAN DIRECTOR:

- . ciberseguridade
- . violencia de xénero
- . acoso escolar

➤ PROGRAMAS FORMATIVOS SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR.

- PARA O PROFESORADO: CURSOS DE FORMACIÓN.

- PARA AS FAMILIAS: INFORMACIÓN A NIVEL TITORIAL.

6.4. P.A.T.

OBXECTIVOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL RELACIONADOS DIRECTA OU INDIRECTAMENTE COA CONVIVENCIA.

➤ **Impulsar un bo ambiente relacional entre todos os sectores da comunidade educativa:**

- Realizar a observación sistemática das condutas manifestadas polo alumnado.
- Desenvolver actitudes, valores e normas nos educandos, (partindo da observación realizada) que esperten intereses e valores.
- Valorar as características do grupo de alumnos e alumnas.

- Favorecer a aceptación das diferenzas individuais que cada escolar presenta.
- Fomentar a dinámica da integración no grupo.
- Desenvolver os valores a través do modelado de actitudes. Fomentar a colaboración, axuda mutua e respecto aos demais.
- Iniciar ao alumnado nos procesos de autocontrol persoal a través de procesos lúdicos principalmente (con experiencias de xogo regrado).
- Crear unha dinámica de aula que favoreza e facilite o intercambio de papeis.
- Facilitar o dialogo, tanto en situacións conflitivas como non conflitivas, tanto en grande como pequeno grupo.
- Elaborar conxuntamente normas de comportamento en clase e no patio entre o profesorado e o alumnado.
- Ensinarlles, mediante a asemblea e o debate, a valorar os puntos de vista das demais persoas, así como os propios.
- Espertalos á realidade social, fomentando a crítica construtiva.
- Lograr a colaboración das familias para dar unha resposta educativa adecuada ás necesidades dos alumnos.

DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS.

1.- Realizar a observación sistemática das condutas de tipo motórico e emocional (as de tipo cognitivo non son observables) manifestadas polo alumnado.

Actividades:

- Observación sistemática en diferentes actividades (ás veces pode ser recomendable o uso de cuestionarios ou inventarios dos aspectos condutuais manifestados polo alumnado).

2.- Valorar as características do grupo de alumnos e alumnas.

Actividades:

- Cumprimentar a “carpeta expediente” de cada alumno que de forma sistemática se irá enriquecendo coa información aportada polos pais/nais, así como por outros profesionais do centro o do exterior (orientador, EOE, médicos, servizos sociais...)
- Avaliación inicial.
- Avaliación continúa e formativa. Sesións de avaliación.
- Aportar a fin de curso un consello orientador globalizado de cada alumno ou alumna que se facilitará á persoa titora do seguinte curso.

3.- Favorecer a aceptación das diferenzas individuais que cada escolar presenta.

Actividades:

- Procura de calidades sobresaíntes doutros compañeiros e compañeiras.
- Identificación de calidades de diferenzas entre compañeir@s:
 - Alto-baixo.
 - Groso-delgado.
 - Antipático-simpático
 - Forte-débil.
 - Alegre triste.
 - Lento-rápido
- Debuxar a compañeiros/as a tamaño real sobre papel continuo, recortar a silueta, pintala e facer comentarios positivos.
- Interpretación de papeis (dramatizacións) nas que os/as nenos/as con algunha deficiencia e, xa que logo, con aptitudes e habilidades menos desenvolvidas, sexan os protagonistas da historia.
- Escenificar o intercambio de roles.

- Facilitar, na medida do posible segundo as súas aptitudes, a integración do/da neno/a con deficiencias/limitacións para integrarse no seu grupo e sobresaír.

4.- Fomentar a dinámica da integración no grupo. Actuacións:

- Realizar aproximacións ao/á neno/a por parte do/da profesor/a, establecendo contactos visuais, sorrisos, palmadiñas, que lle resulten gratificantes, e, xa que logo, lle axuden a sentirse seguro na nova situación.

- Utilización colectiva do material (fomentando o cooperativismo en actividades, así como coa compra e uso do material de forma grupal).

- Fomentar a intercomunicación a través do xogo dirixido, utilizando materiais (corda, pelota, xoguetes), ou realizando xogos concretos (pita cega, máquina fotográfica, cordón, corro, collido, agocho...), que posibiliten tanto a comunicación verbal como a non verbal cos seus compañeiros/as.

- Xogos grupais para facilitar o coñecemento e interacción do alumnado (xogos de presentacións, diálogos...).

- Actividades de adquisición de hábitos de hixiene (acudir ao baño de forma autónoma, lavar as mans antes de comer...).

- Traballo con grupos flexibles dentro da aula (recunchos). Tratarase de que o alumnado pase polos diferentes grupos de traballo así como polas diferentes actividades de cada recanto.

- Actividades grupais tratando de respectar a quenda de palabra, a conversación (diálogo con intercambio de opinións en xeral).

- Actividades nas que se poidan motivar e reforzar ao alumnado para que colaboren no funcionamento, tanto da clase como do centro e incluso da súa casa, indicando suxestións de:

- Recoller o material (seu, do grupo e do centro).
- Axudar aos compañeiros e compañeiras, reforzándoos cando lle vexan realizar algo adecuado e aconsellándolles que rectifiquen cando fagan algo incorrecto.

- Transmitir noticias uns a outros.
- Participar na decoración da aula e do centro: corredores, entrada, patio cuberto, exteriores, mediante a realización de campañas de decoración con motivo de diferentes conmemoracións, creando un ambiente acoledor e agradable, que facilite unha aprendizaxe grata e estimulante..
- Realizar festas e concursos asociándoas a eventos notables (samaín, magosto, 25 N, festival de Nadal, día da Paz, Entroido, 8 M, Letras galegas...).
- Elaborar sociogramas do grupo para coñecer a súa coherencia, tipo de relacións que se establecen (convén realizar un por trimestre para ver a evolución do grupo e de algúns alumnos e alumnas en concreto).
- Utilizar a técnica de DEBATE ou ASEMBLEA para desenvolver a sociabilidade, así como a integración no grupo e no centro.

5.- Promover unha actuación preventiva de condutas disruptivas no ámbito escolar.

Actuacións:

- Vixiar o desenvolvemento do/da neno/a, identificando e detectando factores de risco.
- Avaliar actitudes e modificar hábitos.
- Observar e explorar ao neno como individuo.
- Reforzar a actuación nos casos que o necesiten, evitando que se xeren dificultades que conduzan nun futuro ao fracaso escolar.
- Detección de determinadas condutas ou a súa ausencia e conducilas a unha valoración psicopedagóxica, polos profesionais pertinentes.
- Busca de razóns, tendo en conta as condicións nas que se produciu o desenvolvemento do/da neno/a. Razóns individuais e sociais.
- Modificación e axuste da acción educativa para compensar dificultades, proporcionando a atención necesaria a aqueles que xa presentan problemas e trastornos no desenvolvemento, evitando así que se intensifiquen.

6.- Elaboramos conxuntamente as normas de comportamento do centro, na clase e no patio, entre mestres/as e alumnos/as.

Actuacións:

- Adecuar os documento de centro a Lei de convivencia.
- Análise das normas de convivencia e disciplina. O plan de convivencia.
- Consensuar formas de actuación para erradicar comportamentos que dificultan o desenvolvemento das tarefas escolares

7.- Lograr a colaboración das familias para dar unha resposta educativa adecuada ás necesidades dos alumnos e das alumnas.

Actuacións:

- Actividades de acollida de alumnado e familias.
- Información individual do desenvolvemento e evolución do/da neno/a, comentario e avaliación de adquisicións, progresos e dificultades.
- Informe escrito e periódico da dinámica particular de cada neno/a.
- Propor saídas extraescolares: deporte escolar, actividade día da árbore,
 - Excursión fin de curso...
 - Colaborar coa ANPA na organización e participación de actividades.
 - Solicitar dos pais/nais a colaboración na realización dalgún obradoiro.
 - Orientar a súa actividade educativa, e actitude ante determinadas situacións específicas.
- Implicación das familias no apoio da aprendizaxe dos seus fillos e fillas..
- Facilitar aos pais e nais asesoramento en aspectos tales como:
 - Resolución de problemas de aprendizaxe e conduta.
 - Organización e planificación do estudo.
 - Toma de decisións académicas.

Estratexias:

- Reunións de grupo.
- Entrevistas persoais.

ORGANIZACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

As normas de convivencia axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica, así como as correccións polo seu incumprimento. Deben conducir sempre a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos dos membros da comunidade educativa deben estar salvagardados. As normas de convivencia do centro que se concreten neste documento axustaranse á Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, ao Decreto 8/2015 e ás disposicións que a desenvolvan. Estas normas deben difundirse entre o profesorado, o alumnado e as familias, sendo necesaria a súa revisión periódica para que sempre sexan relevantes e útiles. Ademais, poderán concretarse para cada aula. As normas de convivencia poderán recoller aspectos referidos aos seguintes aspectos de carácter xeral:

- Aspectos xerais da convivencia no centro e normas que garanten a execución do plan de convivencia previsto no proxecto educativo.
- Actividades prohibidas, con indicación da/s norma/s en que se sustenta a prohibición.
- Condutas contrarias ás normas de convivencia do centro. O procedemento corrector.
- O incumprimento das normas. Responsabilidade de reparar danos.
- A mediación.
- O procedemento conciliado.
- Normas para a organización e o uso das instalacións, espazos, recursos e servizos educativos do centro e a circulación de persoas.

- Normas referidas á asistencia e puntualidade de todo o persoal e alumnado, así como ao absentismo escolar: faltas de asistencia e puntualidade e requisitos para a súa xustificación.
- A indumentaria persoal: ordinaria, clase de educación física e actividades deportivas, indumentaria en actividades fóra do recinto escolar, as gorras
, etc. (sobre todo por motivos de saúde)...
- Captación e difusión de imaxes, gravacións...
- Intimidade, imaxe persoal e protección de datos de carácter persoal, dereito á honra...
- As videoconsolas e outros aparatos similares.
- Normas de convivencia nos servizos complementarios: comedor e transporte escolar nas saídas escolares.

As normas de convivencia do *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo* terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN.

Principios xerais:

1. Obxectivo principal é a prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no plan de convivencia e no protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- Ter carácter educativo e recuperador.

- Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixa/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixa.

3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.

5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixa.

7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos nas normas de organización e funcionamento do centro.

CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

b) Condutas leves contrarias á convivencia.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

GRADACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

Para a gradación das medidas correctoras previstas neste documento tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ó centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciatoria desta vulnerabilidade.

REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS.

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

ÁMBITO DE CORRECCIÓN

Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos

servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

ASPECTOS FORMAIS DOS PROCEDEMENTOS CORRECTORES

No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección.

O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ó procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ó procedemento.
- d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ó procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data,

A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro.

A PROPOSTA DE CAMBIO DE CENTRO.

A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.

A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.

A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas neste documento de conformidade cos procedementos previstos.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DA SÚA CORRECCIÓN

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

MEDIDAS CORRECTORAS

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ó centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 do decreto.
- b)A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.
- c)A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas f) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

SOLICITUDE DE REVISIÓN E EXECUCIÓN DE MEDIDAS.

As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste punto, así como as restantes recollidas no artigo 43 do decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

PROCEDEMENTOS DE CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO.

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
2. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
3. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ó consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
4. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

DETERMINACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CORRECCIÓN

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ó iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ó centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

INICIO DO PROCEDIMENTO DE CORRECCIÓN

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ó alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ó profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa.

4. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.

c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no punto 2.2.1.4 deste documento.

d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.

5. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, deste decreto e comunicárselle á Inspección Educativa.

PROCEDEMENTO CONCILIADO

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector.

DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO CONCILIADO

Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron

voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

INTERVENCIÓN DUNHA PERSOA MEDIADORA NO PROCEDIMENTO CONCILIADO.

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

PROCEDIMENTO COMÚN

O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Desenvolvemento do procedemento común

A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CORRECCIÓN, RECLAMACIÓNS E EXECUCIÓN DE MEDIDAS

Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

- a) Feitos probados.
- b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
- c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.

d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas. Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo.

RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.

As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

A Consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ó centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decreto.

O plan de convivencia incluirá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

- i. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a comisión de coordinación pedagóxica.**

O alumnado que asista a aula de convivencia por perder o dereito a asistir a aula ordinaria levará traballo específico designado polo profesorado que imparte as materias das que se teña perdido o dereito de asistencia a clase, ademais a xefatura do departamento de orientación poderá propor traballos complementarios e desenvolver actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

- Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva.

O profesorado que atenderá a aula de convivencia será o profesorado de garda respectando as quendas estipuladas.

- Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

Debido a problemas de espazo no noso centro, a aula de convivencia non contará cunha aula específica, senón que se utilizará para tal fin a aula Pulido por ser a que menos interfere para poder seguir con normalidade as actividades do centro.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

Obxectivos Aula Convivencia Inclusiva:

-Dotar ao centro de espazos e tempos para axudar ao alumnado a xestionar os conflitos de xeito pacífico e reflexivo.

-Ofrecer unha resposta educativa ao alumnado que, pola reincidencia das súas condutas contrarias ás normas, debe ser privado de asistencia durante determinadas horas, materias ou días.

- Xestionar de xeito coordinado os conflitos do centro ofrecendo respostas adaptadas ao grupo clase, ao historial previo ou ás condicións sociofamiliares.

7. PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

O centro actuará conforme aos protocolos e programas específicos establecidos pola Consellería de Educación.

7.1.PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

A dirección do *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo* adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

O plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a él.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar. No centro contamos cun punto físico de axuda contra o acoso escolar, situado no corredor entre as aulas de 6º de infantil e 1º de primaria. Así mesmo, na páxina web do centro existe o punto laranxa (tendo en conta o novo protocolo de acoso escolar) para poder expresar vivencias de acoso ou ciberacoso que poida estar sufrindo algún membro da nosa comunidade educativa.
- c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente,

procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade. (Ver anexos do novo protocolo escolar).

d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

DESENVOLVEMENTO DO PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

A persoa responsable da dirección do centro, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna, ten a obriga de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información á directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación. Esta primeira comunicación da situación poderá facerse de diferente forma, dependendo da persoa que sexa coñecedora desta:

- Alumnado: aula de titoría, comunicación verbal a un adulto.
- Familia: atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección.
- Profesorado: comunicación á persoa titora do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- Persoas alleas ao centro: comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

ANEXO 1: Rexistro de comunicación dos feitos (por medio do punto laranxa físico ou virtual, titoría coas familias, sesión de titoría co alumnado...).

ANEXO 2: Constitución do Equipo ACAE (Actuación Contra o Acoso Escolar). Este equipo será o encargado da levar adiante as medidas establecidas no novo protocolo referente á detección e á intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso escolar.

ANEXO 3: Primeira valoración dos feitos comunicados (na que se conclúe a NON apertura dunha investigación en relación aos feitos denunciados ou SI se determina a apertura dunha investigación en relación aos feitos denunciados).

A continuación, rexistrárase de forma escrita a comunicación desta posible situación de acoso escolar. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará o director ou directora ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Ao mesmo tempo, a persoa responsable da dirección do centro establecerá as medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima. Debe primar sempre o interese da presunta vítima sobre calquera outra consideración. Entre estas medidas urxentes poderán adoptarse as seguintes:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.
- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.

- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causante/s da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

A persoa titular da dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza e proximidade, tal como recolle o artigo 30.2.c) da Lei 4/2011. No mesmo nomeamento, esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará acta.

Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado.

A persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias.

Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos.

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

Cantas actuacións se desenvolvan realizaranse sempre tendo presente a imprescindible confidencialidade de todo o proceso. De apreciarse indicios de delito ou falta penal en calquera momento do proceso, notificarase ao ministerio fiscal e aos servizos de protección de menores (con traslado á administración educativa) para a súa valoración. No caso de iniciarse un proceso penal, o centro suspenderá as actuacións en tanto este non se resolva.

Segunda fase. Recollida de información e rexistro.

ANEXO 4: Investigación e dictame (pasos da investigación; medidas inmediatas- vixilancia, acompañamento, seguimento...-; resultados obtidos, en función da recompilación realízase un DITAME por parte do equipo de ACAE: descartando ou confirmando a posible situación de acoso ou ciberacoso).

- Anexo 4.1.- Entrevista coas persoas implicadas.
- Anexo 4.2.- Datos da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista.

ANEXO 5: Nomeamento da persoa responsable da atención á presunta vítima.

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen..., entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna presuntamente acosado/a, alumnado presuntamente acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiros ou compañeiras e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.

- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.
 - o Entrevista individual á presunta vítima.
 - o Entrevista individual á/s persoa/s posible/s responsable/s do acoso.
 - o Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras.
 - o Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas posible/s acosadora/s.
 - o Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro.

Terceira fase. Análise da información e adopción de medidas.

FASE 3: Apertura do protocolo:

- ANEXO 6.- Comunicación de apertura do protocolo acoso e ciberacoso escolar.
- ANEXO 7.- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais.
- Análise da información
- Adopción de medidas educativas
- Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/s unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso.
- Outras medidas:

Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador. Co equipo docente.

Cuarta fase. Pechamento do protocolo (segundo o novo protocolo)

- ANEXO 8. Comunicación de pechamento do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.

Quinta fase.: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

ANEXO 9: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

7.2. PROTOCOLO OU PROGRAMA DE MEDIACIÓN.

A mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas. Así mesmo, potencia a utilización da mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

O plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación que se seguirán para derivar un caso de conflito cara á mediación.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

Características da mediación escolar:

- Voluntariedade
- Imparcialidade ou neutralidade da persoa mediadora
- Compromiso
- Confidencialidade

Protocolo de actuación mediadora

A xestión da mediación implica a definición dun protocolo de actuación que asegure unha coherencia en todo o proceso e co que debe familiarizarse toda a comunidade educativa.

O programa de mediación establecerá os seguintes elementos:

- Constitución do equipo coordinador e/ou mediador.
- Definición de recursos e condicións.
- Deseño básico do programa. Proceso e efectos da mediación.
- Inserción do programa no plan de convivencia.
- Sensibilización e difusión.
- Actuacións formativas.
- Posta en marcha do programa.
- Avaliación do programa.

7.3. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO.

Este Protocolo enmárcase dentro do Plan de Prevención do suicidio en Galicia, en cuxa elaboración participou activamente e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, desde unha visión global multidisciplinar e interinstitucional desta problemática.

Actuacións do profesorado: avaliación dos factores de protección e de risco:

Tanto desde a perspectiva da prevención, como da intervención, a primeira análise que cómpre realizar polo profesorado, alumnado e familias será a dos factores de risco e protección que presente o alumnado.

Algunha das estratexias que se poden utilizar para recoller información son a análise do expediente escolar e informes previos; a observación directa na aula; aplicación dalgunha proba colectiva para avaliar o clima de convivencia na aula, etc. Nestas actuacións é fundamental a comunicación, o apoio e a colaboración coas familias. Cómpre salientar tamén o papel do alumnado que pode participar en redes de apoio, identificando situacións de risco a través do grupo de amigos/as, alumnos/as mediadores ou axudantes.

Titoría: coordinación das actuacións do profesorado. Actuacións do equipo directivo.

Actuacións do alumnado Actuacións das familias

Actuacións da administración educativa Intervención do departamento de orientación

7.4. PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO

A identidade de xénero de cada persoa é vivida de forma única e individualizada, polo que non podemos abordar esta cuestión desde a homoxeneidade. Algunhas persoas verbalizan as súas inxedanzas desde ben novos en tanto que outras prefiren ocultalo ante a sospeita ou certeza de que a súa contorna non lle facilita esta expresión.

As necesidades de apoio e acompañamento, tanto educativas como organizativas, serán diferentes en cada persoa.

6.4.1. Medidas e actuacións

6.4.2. Comunicación aos centros

- Cando un alumno ou unha alumna, ou os seus representantes legais, no caso de menores de idade non legalmente emancipados, manifesten mediante comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle

os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo. Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

- Cando os servizos de saúde realicen a valoración neste senso dunha persoa menor de idade escolarizada, a través da familia e co seu consentimento, poderá remitir ao centro educativo aquela información e orientacións que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciar, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.
- Os departamentos de orientación
- Establecemento das medidas de atención ás necesidades do/a menor
- Recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio.
- Medidas para a información e formación da comunidade educativa
- Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.

7.5. PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS

O Protocolo que recompila e aclara as cuestións normativas máis relevantes ao respecto da Protección de Datos de carácter persoal.

Trátase dun documento vivo porque irá incorporando os diferentes cambios normativos europeos, estatais e autonómicos, así como os diferentes e progresivos ditames da Axencia Española de Protección de Datos, a medida que xurdan.

7.6. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR EN GALICIA

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dentro das súas competencias, ditou as Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, co propósito de trasladar o protocolo xeral e de facilitar a súa aplicación nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 7.6.1. Control da asistencia a clase e rexistro das ausencias
- 7.6.2. Xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado
- 7.6.3. Rexistro das faltas de asistencia a clase xustificadas
- 7.6.4. Seguimento das faltas de asistencia a clase do alumnado e a súa comunicación
- 7.6.5. Expediente de absentismo.

7.7. PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA NOS ÁMBITOS EDUCATIVO E SANITARIO

A presenza do TDAH nos distintos ámbitos da vida dunha persoa fai necesario que a abordaxe se realice desde un enfoque interinstitucional, integral e de colaboración, cando menos, entre a familia, o sistema educativo e o sistema sanitario. Conscientes desa situación e da necesidade dunha coordinación axeitada, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicaron o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, co que se pretende contribuír á mellora da atención e á redución das dificultades que este trastorno ocasiona a diario na vida de moitas nenas, nenos e persoas adolescentes.

- 7.7.1. Actuacións iniciais do profesorado
- 7.7.2. Actuacións dos servizos de orientación.
- 7.7.3. A avaliación psicopedagóxica
- 7.7.4. O informe psicopedagóxico.

7.8. PLAN DE EVACUACIÓN

O centro conta cun plan de evacuación incluído dentro de plan de autoprotección. O profesorado dispón dun resumo na súa aula e nos espazos máis importantes. Dentro da operación de evacuación o persoal do centro ten un resumo da actuación que debe realizar. A continuación explícanse este plan brevemente:

a) Sinal de aviso de emerxencia:

O aviso de emerxencia farase con toque insistente do timbre. Cada responsable de grupo ou aula dará as instrucións precisas para levar a cabo a evacuación.

b) Equipos de intervención:

Equipos	Funcións
<p>Xefe de intervención e emerxencia(X.I.E.)</p> <p>Titular: Directora Suplente: Secretaria</p>	<p>-Máxima responsabilidade nas emerxencias.</p> <p>-Valora a gravidade da emerxencia.</p> <p>-Alerta e coordina os equipos de intervención.</p> <p>-Decide a evacuación parcial ou xeral.</p> <p>-Decide avisar ás Axudas Externas.</p> <p>-Ordena a fin da emerxencia.</p>
<p>Equipo de Alarma e Evacuación (E.A.E.)</p> <p>Mestres que estean nas aulas</p>	<p>-Asegura unha evacuación ordenada do Centro.</p> <p>-Cada profesor/a encárgase da evacuación da súa aula.</p>
<p>Equipo de Intervención (E.I.)</p> <p>Mestres de garda ou que non teñan alumnos ao cargo</p>	<p>-Trata de controlar a emerxencia.</p> <p>-Axuda, se é preciso, ás Axudas Externas</p>

<p>Equipo de Primeiros Auxilios (E.P.A.)</p> <p>Mestres de garda ou que non teñan alumnos o cargo</p>	<p>-Presta primeiros auxilios aos accidentados</p> <p>-Permanece xunto ao ferido ata a chegada das Axudas Externas.</p> <p>-Se é preciso acompañao ao médico.</p>
---	---

c) **Evacuación do centro:**

- Indicaráselles aos ocupantes que manteñan a calma. Realizarao o mestre ou a mestra que estea nese momento na aula.

- Controlarase que non recollan ningún obxecto persoal.

- Formarase unha ringleira nos laterais da aula ou estancia.

- Esperarase a orde da Xefa de Intervención e Evacuación (XIE).

- Pecharase todas as fiestras.

- Comezarase a evacuación na orde indicada e seguindo a vía indicada.


- En caso de fume a evacuación realizarase a rente do chan.

- Unha vez evacuados todos os ocupantes, o/a responsable sairá en derradeiro lugar, pechando a porta despois de verificar que non queda ninguén.


- Dirixirase ao punto de encontro fixado.

- Realizará o reconto informando á Xefa Intervención e Evacuación (XIE)

LEMBRATE DE TODO



POLO TEU BEN



O punto de encontro está situado no campo de fútbol exterior.



7.9. PLAN DE ACOLLIDA

7.9.1. PLAN DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO AO ENSINO INFANTIL

A entrada na escola é un momento moi importante para todos os nenos/as. A partir dese momento os alumnos/as van pasar gran parte do seu tempo no colexio co fin de aprender e formarse como persoas. Deben adaptarse a unha situación nova, con persoas descoñecidas, con novas actividades, normas e horarios.

Este período vai ter gran influencia na evolución do neno/a. Por iso, desde este centro consideramos prioritaria unha boa planificación e que, familia e escola, tenten de que transcorra do mellor xeito posible. O traballo cos pais/nais e a implicación dos mesmos entenderase como un medio moi importante neste momento tan especial.

O plan de adaptación estará recollido dentro do Plan de Acollida e na PXA polo que contará coa autorización previa do Consello Escolar.

O equipo docente de Educación Infantil, coa supervisión da Xefa de Estudos/Directora e a colaboración da orientadora redactará unha planificación do período de adaptación na que se recollan, entre outros aspectos, a organización do ambiente de traballo, os obxectivos específicos para os alumnos/as e para os pais, as actividades a realizar, a orde de entrada, as quendas, as orientacións e normas para os pais e a avaliación do período.

OBXECTIVOS

- Facilitar que o neno/a admita de bo grao a separación dos seus pais.
- Facilitar a adaptación do alumno/a a un novo sistema do que el forma parte e ao que debe adaptar as súas normas, hábitos e horarios.
- Facilitar a aceptación do novo espazo por parte do neno/a e o coñecemento do mesmo co fin de que sexa quen de moverse libremente nel.
- Facilitar a adaptación do alumno/a ás rutinas do colexio.
- Facilitar o establecemento de vínculos de afectividade co profesorado e cos iguais.
- Facilitar a interiorización das normas e pautas que o profesorado estableza.

ACOLLIDA Á FAMILIA NO CENTRO

Unha vez a familia escolleu este centro educativo como aquel onde quere escolarizar ao seu fillo/a, daráselles o papel de solicitude de admisión onde consten os datos máis elementais de identificación sobre o alumno/a e a súa familia.

No momento en que se lles comunique a admisión do seu fillo/a, indicárselles que outros papeis deben cubrir para formalizar a matrícula e a data para manter un primeiro contacto co colexio. Na xornada de portas abertas que se fai no mes de xuño, á que asisten pais e futuros alumnos/as, daráselle a documentación necesaria para que deberán cubrir para formalizar a matrícula, así como tamén a lista dos libros de texto que precisarán.

Nesta primeira reunión estará presente algún membro do Equipo Directivo, a Coordinadora do ciclo, a orientadora e, se é posible, ou profesorado desta etapa educativa.

O motivo desta reunión é ofrecerlles información sobre:

A nova etapa que o seu fillo/a vai cursar e as diferenzas que comporta coa posible escolarización anterior.

O centro e o período de adaptación levado a cabo no mesmo.

Pautas e suxestións para facilitar a escolarización dos nenos/as.

Calendario escolar, o horario do centro, o horario do alumno/a, o lugar de entrada e saída, as normas básicas a seguir no recinto escolar e servizos que ofrece o centro (transporte e comedor).

Ademais esta reunión será aproveitada para visitar as instalacións e as principais dependencias do colexio, explicándolle a función de cada unha delas (se non o fixera na xornada de portas abertas).

Convén que este primeiro contacto sexa acolledor. A relación entre as familias e o centro será máis fluída si perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a sensación de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Nos primeiros días de setembro levarase a cabo unha segunda reunión na que se explicará máis polo miúdo o plan de adaptación e o horario concreto do seu fillo/a, ademais coñecerán xa ao profesorado do neno/a.

Unha vez comezado o curso os titores/as citarán aos pais dos nenos/as co fin de recadar información básica sobre o alumno/a. A información solicitada será importante para o titor/a.

ACOLLIDA AO ALUMNADO DE ENSINO INFANTIL

Como xa se fixo anteriormente, no mes de xuño, se é posible, todos os nenos/as de novo ingreso acudirán ao colexio, acompañados dos seus pais/nais ou avós/avoas para coñecer a escola e manter un primeiro contacto con ela (coñecer aos seus futuros compañeiros/as e mestras).

Durante parte do mes de setembro o alumnado de tres anos acudirá ao centro tendo en conta o período de adaptación que irá de menos tempo a máis. Deste xeito pretendemos que a acollida sexa gradual e máis cercana.

O período de adaptación virá marcado polo calendario escolar e, a incorporación do alumnado farase gradualmente, indo de menos tempo a máis. Tras finalizar este período os alumnos e as alumnas incorporaranse á xornada completa coma o resto do alumnado.

No caso do alumnado transportado de tres anos tomaranse as medidas que se consideren oportunas para cada caso.

Os alumnos/as de 4 e 5 anos incorporaranse a tempo total desde o principio.

Desde o principio aseguraremos de que o novo alumno saiba que a titora é o seu referente máis directo no colexio e que pode acudir a ela sempre cando teña algunha dúbida ou dificultade.

No caso de que un alumno/a teña necesidades educativas especiais tomaranse as medidas oportunas para asegurarnos de que os recursos existentes no centro dean resposta as súas necesidades.

Neste caso, no momento da solicitude de matrícula, realizarase unha entrevista inicial co fin de saber o grao de afectación e os recursos necesarios. Esta entrevista poderá levala a cabo pola orientadora.

Antes de que o alumno/a se escolarice, titor/a e orientadora tentarán de manter unha reunión co fin de que o titor/a dispoña de información suficiente sobre o alumno/a e sobre as súas necesidades específicas.

Ademais, esta información daráselle tamén ao profesorado do alumnado con necesidades educativas especiais, que traballará dun xeito coordinado coa titora.

7.9.2. ALUMNADO DE NOVO INGRESO AO ENSINO PRIMARIO

OBXECTIVOS

- Facilitar a adaptación do alumno/a ao novo centro educativo do que el forma parte ao que debe adaptar ar as súas normas, hábitos e horarios.
- Facilitar o coñecemento do novo espazo por parte do neno/a co fin de que sexa quen de moverse libremente nel.
- Facilitar a adaptación do alumno/a ás rutinas do colexio.
- Facilitar o establecemento de vínculos de afectividade co profesor/a e cos iguais.

ACOLLIDA Á FAMILIA NO CENTRO

Unha vez a familia escolleu este centro educativo como aquel onde quere escolarizar ao seu fillo/a e se comproba que hai praza para o curso que solicita, daráselle o papel de solicitude de admisión onde consten os datos máis elementais de identificación sobre o alumno/a e a súa familia. Isto sería no período ordinario que, normalmente vai do 1 ao 20 de marzo..

Ademais un representante do equipo directivo informará sobre a documentación solicitada para formalizar a matrícula.

O recibimento será levado a cabo por algún membro do equipo directivo e pola orientadora, que estará presente de ser posible (no noso centro hai que recordar que a orientadora é compartida).

Convén que este primeiro contacto sexa acolledor. A relación entre as familias e o centro será máis fluída si perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a sensación de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Realizarase unha primeira entrevista que terá como obxectivo proporcionar información sobre o funcionamento e os servizos do centro, así como obter información básica sobre o alumno/a.

Daráselles a información referida ao calendario escolar, ao horario do centro, ao horario do alumno/a, ao lugar de entrada e saída, ás normas básicas a seguir no recinto escolar, servizos que ofrece o centro (transporte e comedor).

Ademais esta reunión será aproveitada para visitar as instalacións e as principais dependencias do colexio, explicándolle a función de cada unha delas.

A orientadora será a encargada de cubrir o cuestionario de recollida de información inicial para alumnado de novo ingreso que aportará datos sobre a familia, saúde, historia e desenvolvemento escolar do alumno/a, así como se ten necesidades educativas especiais... e todos aqueles datos que poidan resultar relevantes para a escolarización do neno/a.

No caso de que un alumno/a teña necesidades educativas especiais tomaranse as medidas oportunas para asegurarnos de que os recursos existentes no centro dean resposta as súas necesidades.

Neste caso, no momento da solicitude de matrícula, realizaráselle unha entrevista inicial co fin de saber o grao de afectación e os recursos necesarios. Esta entrevista será levada a cabo pola orientadora.

Antes de que o alumno/a se escolarice, tentarase de que o seu titor/a dispoña de información suficiente sobre o alumno/a e sobre a súas necesidades específicas.

Ademais, esta información daráselle tamén ao profesorado do alumnado con necesidades educativas especiais, que traballará dun xeito coordinado co titor/a.

Así mesmo teranse en conta a efectos de escolarización os informes educativos do centro do que proveña, si é o caso, quedando pendente de novas avaliacións psicopedagóxicas durante o curso, así como do seguimento psicopedagóxico correspondente que puideran levar, se así se considerase oportuno, á modificacións nas diferentes orientacións sinaladas.

Tamén se terá en conta, á hora de asignarlle curso, se o grupo no que se vai integrar ten un alto número de alumnos/as, ten moitos nenos/as con necesidades educativas especiais ou ten xa un número alto de repetidores. Sempre escolleremos a opción máis beneficiosa para todo o alumnado.

Procurarase, dentro do posible, non colocar un grupo numeroso de alumnos/as repetidores na mesma clase.

ACOLLIDA AO ALUMNADO DE ENSINO PRIMARIO

Antes de que o alumno/a se escolarice, tentarase de que o seu titor/a dispoña de información suficiente sobre o alumno/a.

No caso de que haxa algún aspecto importante do que informar ou que teña necesidades educativas especiais, o titor/a lle dará esta información a todo o profesorado que intervén na educación do alumno/a, que traballará dun xeito coordinado co titor.

Desde o principio aseguraremos de que o novo alumno saiba que o titor/a é o seu referente máis directo no colexio e que pode acudir a el sempre e cando teña algunha dúbida ou dificultade.

Unha vez escolarizado o neno/a os titores/as citarán aos pais co fin de manter un primeiro contacto coa familia e de recadar aquela información que poidan estimar oportuna.

O/A titor/a ademais realizará a avaliación inicial, completando os datos aportados pola orientadora, contemplando a exploración das experiencias, intereses e vivencias do alumno/a, para o que utilizará procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación variados: observacións, probas orais, probas escritas.

A avaliación inicial será o elemento que nos sirva de punto de partida e guía para a atención educativa do alumno/a.

Ademais o/a titor/a fomentará a coordinación dun xeito continuo con todo o profesorado que atende ao alumno/a, para asegurar que os criterios elixidos en canto a metodoloxía, uso de materiais, ritmo de aprendizaxe, etc. sexan comúns.

O día da súa incorporación realizarase unha presentación do alumno/a ao resto dos compañeiros/as, do xeito máis natural, os cales irán dicindo o seu nome e unha frase de benvinda: “encantado de coñecerte”,...

É conveniente que coñeza o nome de todos os seus compañeiros/as para poder dirixirse adecuadamente a eles e entaboar unha relación máis ampla. Tamén será presentado ao resto do profesorado.

Pode ser conveniente que coñeza as persoas que forman parte do persoal laboral do centro, a través dunha serie de contactos con elas, para respectar as súas funcións e poder recorrer a elas no momento necesario.

Propiciarase que sexan os propios compañeiros/as os que lle ensinen a dinámica da clase e os modos de comunicación e relación máis frecuentes, sen caer no proteccionismo.

Procurarase que, nun principio, se sente preto dun alumno/a con habilidades sociais suficientes como para afacerse coa súa confianza. Ademais pode nomearse un alumno/a acompañante para que estea con el, nun principio, no tempo de ocio ata que vaia facendo o seu grupo de amigos. (Alumnado titor). As funcións do alumnado titor serán as de presentalo aos demais profesorado (especialistas...), evitar o illamento dos primeiros días ou do tempo de lecer, orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, dependencias... e colaborar co profesorado titor, comunicándolle as dificultades que observe.

Usar distintos tipos de agrupamento dentro da aula:

- Traballar en pequeno grupo, posto que favorece a relación entre os alumnos/as e o espírito de cooperación e colaboración.
- Procurar traballar de xeito individualizado (profesor-a/alumno-a) en momentos determinados e breves. Estes momentos de atención individualizada favorecen a seguridade do alumno/a. Por outra banda, non hai que esquecer que para que un alumno/a se integre adecuadamente é moi importante a aceptación do profesor. O grao de aceptación que o profesor/a ten do alumno/a inmigrante é xeneralizado polo resto do seu alumnado.
- Reforzar a súa autoestima facéndolle participar en actividades grupais onde poda demostrar as súas habilidades e mellorar, así, a consideración dos compañeiros/as.

7.9.3. PLAN DE ACOLLIDA AO ALUMNADO ESTRANXEIRO

OBXECTIVOS

- Potenciar medidas específicas para atender ao alumnado estranxeiro que se incorpora ao centro co fin de que se integren o máis rápido posible dentro do marco escolar.
- Vertebrar a resposta ofrecida ao alumnado estranxeiro de novo ingreso, asegurando que esta siga unha estratexia común e consensuada entre todo o claustro.
- Propiciar actitudes positivas de acollida por parte de toda a comunidade escolar cara o alumnado inmigrante e a súa familia.
- Informar e orientar ás familias do funcionamento da escola, do proceso educativo e doutros elementos de interese.
- Favorecer a colaboración e participación dos pais e nais no centro independentemente da cultura a que pertenza.
- Realizar unha labor de difusión para dar coñecer os recursos do concello e desenvolver estratexias pertinentes para a súa utilización.
- Tomar as medidas pertinentes para conseguir a escolarización adecuada e máis eficaz para este alumnado.

- Proporcionar ao alumnado materiais didácticos que faciliten a súa aprendizaxe.

ACOLLIDA Á FAMILIA NO CENTRO

Unha vez a familia escolleu este centro educativo como aquel onde quere escolarizar ao seu fillo/a e se comproba que hai praza, comeza a fase de recibimento e recollida de información.

O recibimento será levado a cabo por algún membro do equipo directivo ou pola orientadora do centro.

Convén que este primeiro contacto sexa acolledor. A relación entre as familias e o centro será máis fluída si perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a sensación de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Esta primeira entrevista terá como obxectivo proporcionar información sobre o funcionamento e os servizos do centro, así como obter información básica sobre o alumno/a.

Daráselles o papel de solicitude de matrícula onde consten os datos máis elementais de identificación sobre o alumno/a e a súa familia. Ademais un representante do equipo directivo informará sobre a documentación solicitada para formalizar a matrícula.

Nese momento, proporcionaráselles información aportada polo centro referida ao sistema educativo español, ao calendario escolar, ao horario do centro, ao horario do alumno/a, ao lugar de entrada e saída, ás normas básicas a seguir no recinto escolar, servizos que ofrece o centro (transporte e comedor). Tentarase dar a información nunha lingua que entendan.

Unha persoa encargada (representante do equipo directivo e/ou orientadora) acompañará á familia polo centro para ensinarlle as instalacións e as principais dependencias do colexio, explicándolle a función de cada unha delas.

Este primeiro momento aproveitarase para cubrir o cuestionario de recollida de información inicial para alumnado estranxeiro e se marcará unha data, no período máis breve de tempo posible, para a avaliación inicial do alumno/a que permita determinar que curso sería o máis adecuado para atender as súas necesidades educativas.

A entrevista e a avaliación inicial será levada a cabo pola orientadora do centro. Así mesmo, na entrevista inicial, recadarase información sobre o nivel de competencia lingüística e competencia curricular.

Unha vez feita a avaliación correspondente por parte do DO ao abeiro da *Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG nº 40, do 26-02-04)*, determinarase se o alumno/a pode incorporarse ao curso que lle corresponde pola súa idade cronolóxica ou se convén atrasalo.

Nese momento, comunicaráselle aos pais en que curso vai ser escolarizado o neno/ a, quen vai ser o seu titor/a e que tipo de apoios vai recibir.

Escolarización do alumno/a estranxeiro

Unha vez feita a avaliación correspondente por parte do DO ao abeiro da *Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG nº 40, do 26-02-04)*, determinarase se o alumno/a pode incorporarse ao curso que lle corresponde pola súa idade cronolóxica ou se convén atrasalo.

No caso de alumnado pertencente ao 2º ciclo de ensino infantil, por norma xeral, escolarizarase no nivel que lle corresponde por idade. A estratexia a seguir será a de inmersión e seguimento. Salvo excepción, recibirá atención específica e individualizada por parte do titor/a e o profesorado de apoio sempre dentro da aula.

No caso de alumnado pertencente a ensino primario, atrasarase un curso naqueles casos que non coñeza ningún dos dous idiomas oficiais de Galicia ou existe un desfase curricular co curso que lle correspondería por idade.

No 1º ciclo de ensino primario a estratexia a seguir será a de inmersión, atención específica e individualizada con dedicación á aprendizaxe da lingua española/galega, máis das técnicas instrumentais.

No 2º e 3º ciclo de Ensino Primario a estratexia a seguir será a de inmersión, atención específica e intensa con dedicación á aprendizaxe da lingua española/galega máis das técnicas instrumentais. Pódese incluír, temporalmente, nun grupo de adquisición de linguas, no que reciba a axuda necesaria.

Como norma xeral o nivel ao que se incorporará o alumno/a non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica. A socialización é máis fácil nun grupo de idade homoxénea e a relación entre iguais facilita a adquisición da lingua de relación e de pautas de comportamento.

Excepcionalmente, naqueles casos nos que a súa competencia curricular estea marcadamente por debaixo da do alumnado da súa idade e nivel, poderían atrasarse dous cursos.

Tamén se terá en conta, á hora de asignarlle curso, se o grupo no que se vai integrar ten un alto número de alumnos/as, ten moitos nenos/as con necesidades educativas especiais ou ten xa un número alto de alumnado estranxeiro. Sempre escolleremos a opción máis beneficiosa para todo o alumnado.

Procurarase, dentro do posible, non colocar un grupo de alumnos/as estranxeiros do mesmo país na mesma clase.

No caso de alumnado que proceda de países hispanoamericanos terase en conta a súa competencia curricular, o seu ritmo de traballo e a súa actitude cara o traballo escolar.

Actuacións xerais no centro

Contemplación no PEC do respecto á pluralidade cultural.

Contemplación no PAD e nos PCC de alternativas diferentes para atender ao alumnado diverso e conducirlle á consecución dos obxectivos previstos.

Contemplación no Plan de Acollida das formas de organizar espazos e tempos.

No caso de realizar grupo de adquisición de linguas, habilitaranse espazos a tal efecto para poder levar a cabo as actividades programadas (aula PT, biblioteca...)

Considerarase a posibilidade de realizar agrupamentos flexibles que permitan ao alumnado estranxeiro traballar a distinto nivel si se considera necesario.

O alumnado terá o apoio do profesor/a de PT (xa que non temos profesorado específico para alumnado estranxeiro) que se encargará de reforzar a estes alumnos/as dentro ou fóra da aula, segundo as orientacións oportunas. Ademais continuarase co sistema de reforzos educativos impartidos polo profesorado do centro. Procurarase que o número de profesores/as implicado no reforzo educativo do alumno/a, non sexa moi elevado, para que a coordinación do seguimento sexa eficaz.

Destinar parte deste reforzo educativo á inmersión lingüística do alumnado estranxeiro que ten dificultades coa lingua.

Naqueles casos que se considere pertinente elaboraranse as propostas curriculares individualizadas que dean resposta ás necesidades educativas do alumno/a.

Facilitarase apoio e orientación ao profesorado co fin de facilitar o proceso de inmersión do alumnado estranxeiro.

É conveniente que haxa referencias culturais (mapas, fotos, debuxos...) en paneis e murais repartidos en diversos lugares do centro.

Nas distintas dependencias convén que teñamos rótulos en todos os idiomas do alumnado do centro, con debuxos alusivos á función que cumbran.

Actuacións xerais na aula

Antes de que o alumno/a chegue a súa clase tentarase de que o seu titor/a dispoña de información suficiente sobre o alumno/a e sobre o seu país de orixe.

Ademais, esta información daráselle tamén ao profesorado de alumnado estranxeiro, que traballará dun xeito coordinado co titor/a.

Procuraranse incluír obxectivos e contidos que propicien o coñecemento das características do país de orixe do alumnado estranxeiro: xeografía, gastronomía, lingua (un reducido número de palabras familiares que designen obxectos ou accións), etc.

Procuraranse planificar actividades xerais que propicien a relación e outras específicas que favorezan a inmersión lingüística, así como todas aquelas relacionadas con contidos e aprendizaxes referentes á diversidade cultural.

Efectuar aqueles cambios metodolóxicos precisos para atender a diversidade dentro do grupo. Entre os recursos metodolóxicos poden sinalarse os seguintes:

Elección dun grupo de alumnos-as do aula que participen directamente no Programa de Acollida dos novos compañeiros, en tarefas tales como ensinarlles as dependencias do centro, acompañarlles nos recreos facéndolles partícipes nos xogos e axudarlles no comedor.

Presentación de actividades con diverso grao de dificultade adecuadas a niveis diferentes de competencia.

Posibilitar a elección de actuacións que respondan a distintos intereses, aínda que estas persigan os mesmos obxectivos.

Traballo en grupos cooperativos, onde se fomenten actitudes de solidariedade.

Favorecer o diálogo na clase sobre temas diversos de forma que se confronten visións da vida distintas, pero igualmente aceptables.

Actuacións concretas co alumnado estranxeiro

A principal responsabilidade da atención do alumnado estranxeiro recae sobre o profesorado das distintas áreas que imparte docencia ao alumnado e, de xeito particular, sobre o titor que tamén realizará a coordinación na relación coas familias.

O titor/a debe ser o referente máis directo do alumno/a recen chegado, de xeito que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña algunha dúbida ou dificultade.

O profesorado de alumnado estranxeiro tamén será un referente importante para estes alumnos/as.

O titor/a procurará que todo o equipo docente que lle dá clase ao neno/a teña a máxima información académica deste novo alumno/a e coñeza as decisións tomadas sobre a traxectoria educativa.

Ademais completará a avaliación inicial realizada pola orientadora, contemplando a exploración das experiencias, intereses e vivencias do alumno/a, para o que utilizará procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación variados: observacións, probas orais, probas escritas.

A avaliación inicial será o elemento que nos sirva de punto de partida e guía para a atención educativa do alumno/a.

Ademais o titor/a fomentará a coordinación dun xeito continuo con todo o profesorado que atende ao alumno/a, para asegurar que os criterios elixidos en canto a metodoloxía, uso de materiais, ritmo de aprendizaxe, etc. sexan común.

Anteriormente á súa incorporación o titor/a falará un pouco do país de orixe do novo alumno/a e o sinalara nun mapa para que todo o mundo o poida situar, ademais falará dos trazos máis salientables da súa cultura.

A continuación fará a presentación do novo alumno/a a todos os seus compañeiros/as do xeito máis natural, os cales irán dicindo o seu nome e unha frase de benvinda: “encantado de coñecerte”,...

É conveniente que coñeza o nome de todos os seus compañeiros/as para poder dirixirse adecuadamente a eles e entaboar unha relación máis ampla. Tamén será presentado ao resto do profesorado. Pode ser conveniente que coñeza as persoas que forman parte do persoal laboral do centro, a través dunha serie de contactos con elas, para respectar as súas funcións e poder recorrer a elas no momento necesario.

Identificar as distintas zonas do aula mediante a explicación do titor das características de cada unha delas, para saber facer un uso correcto das mesmas no momento adecuado.

Propiciarase que sexan os propios compañeiros/as os que lle ensinen a dinámica da clase e os modos de comunicación e relación máis frecuentes, sen caer no proteccionismo.

Procurarase que, nun principio, se sente preto dun alumno/a con habilidades sociais suficientes como para afacerse coa súa confianza.

Ademais pode nomearse un alumno/a acompañante para que estea con el, nun principio, no tempo de ocio ata que vaia facendo o seu grupo de amigos. (Alumnado titor).

As funcións do alumnado titor serán as de presentalo ao resto do profesorado (especialistas...), evitar o illamento dos primeiros días ou do tempo de lecer, tentar resolver as dificultades de comunicación, orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, dependencias... e colaborar co profesorado titor, comunicándolle as dificultades que observe.

Usar distintos tipos de agrupamento dentro da aula:

Traballar en pequeno grupo, posto que favorece a relación entre os alumnos/as e o espírito de cooperación e colaboración.

Fomentar a titorización, en determinadas actividades, por un compañeiro/a da aula. É conveniente elixir un compañeiro/a con bo nivel, aceptado polo grupo, que á vez que o apoie en actividades académicas sexa un elemento de integración no grupo clase.

Procurar traballar de xeito individualizado (profesor-a/alumno-a) en momentos determinados e breves. Estes momentos de atención individualizada favorecen a seguridade do alumno/a. Por outra banda, non hai que esquecer que para que un alumno/a se integre adecuadamente é moi importante a aceptación do profesor. O grao de aceptación que o profesor/a ten do alumno/a inmigrante é xeneralizado polo resto do seu alumnado.

Primar ao alumno/a máis desfavorecido ca cercanía do profesor/a para acadar un contacto máis continuo e próximo.

Ter en conta que, moitas veces, para dar unha resposta adecuada ao alumno/a estranxeiro, debemos modificar algúns dos obxectivos e contidos da programación:

- Introducir novos obxectivos e contidos sobre aprendizaxe do español/galego.
- Aprendizaxe das técnicas instrumentais básicas de lectura, escritura e cálculo.

- Priorizar obxectivos e contidos actitudinais de educación en valores democráticos, solidariedade, habilidades sociais, valoración da diferenza
- Programar actividades durante o curso que incidan no coñecemento doutras culturas.
- Introducir xogos ou actividades en grupo mediante as que podamos conseguir que se sinta protagonista e sexa mellor coñecido polo grupo: localizar nun mapa o lugar de orixe e falar de costumes, idioma, formas de vida, cantar unha canción, etc. Cando teña posibilidade, o propio alumno/a poderá expoñer á clase como era a vida na súa escola ou no seu país.
- Reforzar a súa autoestima facéndolle participar en actividades grupais onde poda demostrar as súas habilidades e mellorar, así, a consideración dos compañeiros/as.

Nun primeiro momento o titor/a e o profesorado encargado de impartir docencia ao alumnado estranxeiro tentará de:

- **Simplificar o vocabulario.** Substituír palabras complexas por outras máis simples, frecuentes e próximas ao entorno do alumno.
- **Empregar frases sinxelas.** Utilizaranse enunciados breves, de estrutura sinxela e que conteñan o que é imprescindible para a comprensión. Evitaranse frases longas e subordinadas. Tentaremos adaptar a linguaxe ao nivel do alumno, mais non deformalo nin empobrecelo.
- **Adaptar o ritmo do discurso.** É bo falar a unha velocidade un pouco inferior da habitual pois falar máis lentamente, favorece a comprensión.
- **Facer pausas** co fin de dar máis tempo para procesar a información.
- Utilizar unha articulación clara.
- **Esaxerar a entoación:** interrogación, exclamación, enunciativa...
- **Facilitar** ao alumno/a a **comprensión** das mensaxes, mediante mímica, debuxos... Acompañar o discurso con xestos ilustradores axuda a aumentar as posibilidades de comprensión do interlocutor.
- Tentaremos que se estableza **contacto visual** entre alumno/a e profesor/a. Debemos ter en conta que en determinadas culturas mirar ó profesor/a á cara constitúe un desafío á autoridade e unha falla de respecto, polo que hai que dar tempo, se é necesario, para adaptarse.

- **Repetir a mensaxe**, sempre que se considere necesario, coa máximo naturalidade. Utilizar a repetición de palabras ou expresións pode ser unha estratexia de aprendizaxe da lingua.
- Realizar **preguntas pechadas** que permitan unha resposta sinxela.
- **Propiciar a participación** do alumno/a na clase, para que, progresivamente, adquira seguridade.

APOIOS EDUCATIVOS

No caso de que o alumno/a descoñeza ou teña un **escaso dominio da lingua española**, traballarase prioritariamente a adquisición das estrutura básicas da nova lingua, así como dun xeito paralelo, as aprendizaxes instrumentais (lectoescritura e cálculo).

Precisará, nun primeiro momento, inmersión lingüística para ir completando a súa formación coa aprendizaxe das técnicas instrumentais (lectoescritura e cálculo). Neste caso as medidas de apoio realizaranse nun espazo habilitado a tal efecto, asegurándonos de que: A permanencia do alumno/a na Aula de PT (aula de Inmersión) non supere a metade do horario lectivo.

O período de asistencia á Aula de PT (aula de Inmersión) sexa o menor posible para acadar un nivel de competencia lingüística básico. Estas medidas terán unha duración flexible en función da progresión do alumno/a.

Tentarase, na medida do posible, que estes apoios non coincidan coas actividades nas que participa cos seus compañeiros/as naquelas áreas que máis propician a relación e a expresión non verbal, tales como Educación Física, Música, Plástica, Inglés.

En **Educación Infantil** tentarase non sacar ao neno/a da aula para apoio individual (salvo excepcións). Debemos ter en conta que a esta idade é cando mellor se integra a aprendizaxe da segunda lingua que, para moitos, chega a ser a primeira lingua.

Hai que ter presente que é necesario traballar: as ordes cotiás da aula; o vocabulario relacionado cas actividades de clase que os compañeiros/as xa coñecen; as estruturas básicas de comunicación; o vocabulario dos centros de interese (pode facerse por adiantado co fin de que poida seguir as explicacións).

No **primeiro ciclo** de Educación Primaria se lle dará apoio individual ou en pequeno grupo fóra da aula, procurando que, en ningún caso supere as oito horas semanais. Sempre que sexa posible tentarase de dar o apoio dentro da clase. O resto das horas deberá facer o mesmo que fan os demais na medida das súas posibilidades.

Traballarase o vocabulario básico e as estruturas, enfatizando as máis necesarias para participar na organización de actividades da aula. É recomendable que boa parte do vocabulario que lle vaiamos ensinando coincida co dos centros de interese da programación de aula.

Consideraremos se o neno estivo escolarizado anteriormente. Se o neno/a ten integrados os requisitos da lectoescritura (desenvolvemento psicomotriz, discriminación perceptivo-sensorial, coordinación viso-motriz, fonética, atención, memoria...), pode seguir con axuda o método de lectoescritura da aula.

Pode seguir o método que seguiron os seus compañeiros/as ou aquel outro que consideremos máis adecuado.

É preciso que participe en todas as actividades (Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Plástica, Educación Física, Música,...)

No **segundo e terceiro ciclo de educación primaria** terase en conta si con anterioridade asistiu á escola e establecerase un tempo para a súa adaptación ao ámbito escolar. Traballarase as aprendizaxes previas á lectoescritura tendo en conta a idade e madurez do neno/a.

Faremos un traballo sistemático de linguaxe oral, vocabulario e estruturas. Posteriormente empezaremos a lectoescritura cun método rápido.

En matemáticas, é de predicir que xa teña un concepto de cantidade, pero haberá que axudarlle a facer a abstracción no papel, traballando o número e as grafías dos números.

Se o neno estaba escolarizado no seu país, poderá comezar coa lingua escrita case simultaneamente á lingua oral. Traballaremos á vez a mecánica e a comprensión. É preciso que participe en todas as actividades (Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Plástica, Educación Física, Música,...)

No caso de que as necesidades especiais do neno sexan provocadas por unha situación de desvantaxe sociocultural ou socioeconómica, o apoio se realizará nos mesmos termos contemplados no Plan de Orientación do centro. Psíquica.

No caso de que as necesidades sexan provocadas por desfases escolares xeneralizados ou en áreas específicas que se deban a diferencias entre o Sistema Educativo do país de orixe e o Sistema Educativo Español, a atención será a mesma que no punto anterior.

No caso de que as necesidades sexan provocadas por desfases escolares relacionados con necesidades educativas especiais debidas a, sensorial ou a trastornos graves de personalidade ou conduta; ou ben, a desfases asociados a sobredotación, o apoio a estes alumnos/as sería o contemplado no Plan de Orientación do centro.

7.9.4. PLAN DE ACOLLIDA AO NOVO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN

OBXECTIVOS:

- Facilitar a integración do profesorado ao novo centro do que el forma parte.
- Facilitar o coñecemento dos diferentes responsables da organización do centro, dos compañeiros/as que conforman o claustro e do persoal laboral para respectar as súas funcións, e poder recorrer a elas no momento necesario.
- Facilitar o coñecemento do funcionamento do centro.

ACOLLIDA DO PROFESORADO DE NOVA INCORPORACIÓN

A directora do centro e mailos compañeiros/as do claustro serán os encargados da acollida ao novo profesorado.

Nun primeiro momento a directora ou calquera outro membro do Equipo Directivo, serán as encargadas da acollida ao profesorado de nova incorporación, que se realizará tan pronto como este chegue ao seu novo centro de destino.

Amosaránselle as distintas dependencias do centro e facilitaráselle o acceso ás mesmas.

Indicaráselle onde está o material que poden necesitar, a forma de acceder a el e como poden facer un adecuado uso do mesmo.

Se a incorporación ao centro é a principio de curso, con posterioridade realizarase unha reunión informativa e un claustro no que, entre outros puntos, realizarase a súa presentación, e distribuiranse os grupos-clase e asignáraselle aulas.

Se a incorporación prodúcese unha vez iniciado o curso a reunión farase segundo o calendario marcado para a mesma.

Unha vez que se lle informa ao profesorado de nova incorporación daqueles aspectos máis relevantes, preséntaselle aos seus compañeiros/as do cole, co fin de que lle dean a información pertinente para levar a cabo o máis rápido posible a súa integración no centro.

Realización daquelas actividades de acollida que o claustro estime oportuno.

AUTOEVALUACIÓN DO PROGRAMA DE ACOLLIDA

A posta en práctica do Programa de Acollida será avaliada periodicamente pola Comisión Pedagóxica.

Esta avaliación chegará a todo o profesorado a través dos coordinadores/as de ciclo ou por outras fórmulas que se poidan determinar polo noso claustro.

Os criterios de avaliación se referirán a:

- ✓ Eficacia no cumprimento dos obxectivos.
- ✓ Acollida á familia do novo alumnado e información dada ás mesmas.
- ✓ Adecuación das actividades encamiñadas ao coñecemento mutuo dos novos alumnos/ as e o resto do alumnado do centro.
- ✓ "Titorización" ou acompañamento do novo alumno/a por parte doutro compañeiro/a.
- ✓ Avaliación inicial do alumno de nova incorporación.
- ✓ Atención recibida ao alumnado que descoñece as dúas linguas oficiais.
- ✓ Materiais de aprendizaxe da segunda lingua.
- ✓ Actividades que promoven o coñecemento intercultural.
- ✓ Suxestións e observacións para a mellora deste programa recollidas nas memorias.

7.10. PLAN DE BENESTAR

1. XUSTIFICACIÓN

Contexto

Amoeiro enmárcase na meseta de Os Chaos, situada ao noroeste do val do río Miño, limitando ao este co municipio de Coles, ao norte con Vilamarín e San Cristovo de Cea, ao sur coa capital da provincia de Ourense e Punxín e ao oeste con Maside.

Conta cun total de 2.391 habitantes no ano 2023 e, no núcleo deste concello, atópase o *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo*. O edificio consta dunha soa planta para as aulas e, na parte baixa, sitúase o comedor/salón de actos, a cociña (que é de xestión directa) e o ximnasio con baños, ademais dun patio interior que utilizamos para a realización de eventos e o lecer nos días de mal tempo.

O máis destacado do centro é variabilidade no número de unidades coas que conta cada ano, xa que, non sempre son as mesmas e varía en función do número de alumnos/as existentes. Así, cantos máis alumnos/as, máis mestres/as e máis membros do equipo directivo pode ter. Polo tanto, hai anos que o centro conta con secretaria, se o centro ten con 6 unidades, e os anos nos que o centro queda con cinco unidades, a figura da secretaria queda en mans da directora do centro.

Así mesmo, este centro caracterízase pola mobilidade do alumnado, xa que sempre vén alumnado novo ao longo do curso escolar e, ás veces, tamén hai alumnado que se vai no medio do curso. A día de hoxe o centro conta cun total de 77 alumnos/as, 20 de infantil e 57 en primaria.

Este centro, neste curso escolar 2023-2024, conta cun total de 7 unidades, dúas en infantil e cinco en primaria.

- Nas dúas aulas de infantil hai unha aula de 4º/5º EI cun total de 13 alumnos/as, sendo 2 de 4º e 11 de 5º e, na outra aula de infantil, en 6º hai 7 alumnos.
- En primaria a distribución é a seguinte:
 - 1º EP: 9
 - 2º EP: 11
 - 3º EP: 9
 - 4º EP: 10
 - 5º/6º EP aula mixta: 18 (11 en 5º e 7 en 6º).

O claustro compóñeno un total de 13 mestres e mestras. Así mesmo, no centro hai dúas mestras itinerantes:

- A orientadora, que vén ao centro os mércores. O seu centro base é o CEIP Virxe de Covadonga en Ourense.
- A mestra de relixión, que acode ao centro os xoves e os venres e o seu centro base é p CEIP Ben-Cho-Shey en Pereiro de Aguiar.

Compoñentes do claustro:

- 2 mestras de educación infantil. Unha delas é a secretaria do centro.
- 4 mestras de educación primaria.
- 1 mestra especialista en inglés.
- 1 mestre de Educación Física que ademais é titor en 5º/6º EP.
- 1 mestra de música que imparte tamén apoios en diferentes aulas.
- 2 PTs a tempo completo; unha tamén realiza sesións de AL ao non ter un docente especialista no centro.
- 1 mestra PROA+, a media xornada.
- A directora do centro.

A xornada escolar é partida: o horario de mañá- de 10:00 a 14:10 e de tarde: de 15:30 a 16:30 de luns a xoves. Os venres o alumnado non ten clase pola tarde, sendo o horario de 10:00 ata as 14:20 horas.

Tendo en conta o número de unidades anteriormente citadas, contamos con dous PT a tempo completo, ademais dunha docente coa especialidade de primaria PROA+, que está no centro a media xornada.

O centro está inmerso en numerosos plans e proxectos, sen contar cos prescritivos: programa PROA+, biblioteca creativa; cuarto ano de PLAMBE.

- No plan PROXECTA+ (Xogade) levamos moito tempo participando e incidimos no deporte escolar como un hábito para estar en forma e evitar a obesidade.

- Salientar que recentemente o centro gañou un premio ao traballo por proxectos realizado curso pasado que levaba por título: “A pintura: pintores e pintoras” dotado con 2.000€. Este ano continuamos na mesma liña traballando por proxectos co título: “Autores e autoras dos nosos contos”, na que todo o centro é partícipe.

Os servizos complementarios cos que conta o centro son: transporte escolar, comedor, acollida temperá (ou Plan Madruga) e as actividades extraescolares.

Marco normativo

Na ORDE do 23 de agosto de 2023 establécese a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos de Galicia.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, menciona no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro debe incluír un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da devandita lei, así como os regulados nas leis orgánicas pertinentes.

A redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estipula no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e funcións do coordinador ou coordinadora de benestar e protección.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No seu artigo 35.1 establécese a obrigatoriedade de que todos os centros educativos con estudantes menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben contar cun coordinador ou coordinadora de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou titularidade do centro.

O Plan de Benestar Emocional fai fincapé constantemente na educación para a convivencia, xa que se recoñece a súa importancia tanto para o benestar de todos os membros da comunidade educativa como para o desenvolvemento persoal e social, así como o rendemento académico do alumnado. A lei destaca a relevancia da convivencia en cada etapa educativa, establecendo obxectivos específicos e asignando funcións aos órganos de dirección do centro relacionadas con este aspecto.

De acordo coas recomendacións da UNESCO sobre a educación para o século XXI, ponse de manifesto a necesidade de que o alumnado aprenda a convivir na escola, coñecendo aos demais e creando un espírito de colaboración que fomente a realización de proxectos comúns e a resolución pacífica e intelixente dos conflitos.

Por primeira vez prescríbese un Plan de Convivencia nos centros educativos, establecendo como unha das funcións do consello escolar propoñer medidas que favorezan a convivencia, a igualdade de xénero e a resolución pacífica dos conflitos. A educación para a cidadanía democrática, activa e responsable baséase en valores como a xustiza, a tolerancia, o respecto e a solidariedade. O obxectivo é desenvolver no alumnado habilidades para resolver problemas e conflitos, asumir a xestión da súa vida con responsabilidade, relacionarse positivamente e tomar decisións con sentido crítico.

Neste marco legal e social propónse o Programa Anual de Convivencia e Benestar como base para a mellora das relacións dentro da comunidade educativa. O Plan de Convivencia, no que se basea esta programación, recolle as medidas necesarias para reforzar a convivencia, mellorar o clima das relacións e promover a prevención e resolución pacífica de conflitos.

Análise DAFO

Para a elaboración do Plan faise un análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO).

A maior vantaxe do emprego deste tipo de análise é a visión integral e estruturada do contexto do centro educativo, facilitando a identificación de aspectos internos e externos que inflúen no benestar e na convivencia. Ao detectar fortalezas e oportunidades, o centro pode aproveitar os seus recursos e capacidades para mellorar o ambiente escolar. Así mesmo, ao recoñecer debilidades e ameazas, anticipanse posibles obstáculos, permitindo planificar medidas preventivas e correctivas, o que asegura unha xestión efectiva dos riscos.

1. VARIABLES EXTERNAS QUE INCIDEN NO CENTRO	
OPORTUNIDADES	AMEAZAS
1. Apoio da Inspección Educativa	1. Alumnado con móbiles en iades moi temperás.
2. Dispoñibilidade fóra do horario lectivo das instalación do centro.	2. Incorporación temperá do alumnado ás redes sociais.
3. Proximidade de instalación deportivas municipais: pavillón.	3. Detrimento da actividade física na súa vida cotiá.
4. Boas relación coa contorna (familias, Concello, CIM...).	4. Continuidade para que a orientadora compartida do noso centro non veña só un día á semana.
2. VARIABLES INTERNAS QUE INCIDEN NO CENTRO	
FORTALEZAS	DEBILIDADES
1. Implicación do profesorado na actualización docente, participando en diferentes plans e proxectos (PFPP, PROA+, Edixgal, PLAMBE...).	1. Carga excesiva do traballo administrativo.
2. Alta motivación e responsabilidade do profesorado.	2. Escasa colaboración dalgunhas familias.
3. Participación activa do alumnado mediante tarefas escolares colaborativas e inclusivas.	3. Aumento considerable de alumnado con NEAE que precisa dunha atención máis individualizada.
4. Centro inclusivo onde se promoven valores de respecto, non discriminación, convivencia e resolución pacífica de conflitos e onde se atende o benestar da comunidade.	4. Incorporación de alumnado estranxeiro con competencia curricular baixa.

A información recollida no cadro, serve como ferramenta estratéxica para a toma de decisións, axudando a priorizar accións e recursos, e asegurando a aliñación do plan de benestar cos obxectivos xerais do centro. A súa natureza visual e comprensible facilita a comunicación de achados e estratexias a toda a comunidade educativa, promovendo transparencia e participación. Finalmente, o DAFO permite a avaliación e mellora continua do plan, axustando as estratexias segundo a evolución do contexto e os resultados obtidos, fomentando unha cultura de mellora continua.

Equipo de dinamización

O equipo de dinamización da Convivencia e Benestar do centro busca impulsar cambios na organización do centro, nos procesos de ensino-aprendizaxe, nas actuacións do profesorado, na formación tanto do profesorado como do alumnado, así como nas relacións coas familias e coa comunidade.

Espérase que esta dinamización da Convivencia e do Benestar non sexa simplemente unha tarefa burocrática, senón unha oportunidade para reflexionar xuntos sobre un dos obxectivos máis importantes do sistema educativo actual: ensinar a convivir e a ser persoa, desenvolvendo competencia social e cidadá. A través desta programación búscase crear unha dinámica verdadeiramente útil, realista e adaptada ás peculiaridades e necesidades do centro, que contribúa a mellorar as relacións na comunidade educativa e, en definitiva, a vida social do centro.

O equipo está formado polas seguintes mestras:

- **María Beatriz González Limia**
- **María Cinta Paz Alonso (coordinadora)**

O equipo manterá estreita comunicación co departamento de orientación do centro, así como resto do equipo directivo, que actuará como supervisora do desenvolvemento da dinamización. En caso de que no equipo do plan de benestar non estea a directora, será esta quen a supervise. Poderán tamén incorporarse ao traballo do equipo outros membros da comunidade educativa para abordar temas específicos.

O equipo de convivencia e benestar reunirse tantas veces como sexa necesario para cumprir coas súas funcións.

Ao analizar a escasa conflictividade presente no centro, podemos clasificar en dous grupos as condutas conflictivas que con máis frecuencia se atopan nas aulas: as condutas disruptivas e as condutas violentas.

As condutas disruptivas

Entendemos por “disrupción” todo un conxunto de condutas inapropiadas do alumnado dentro das aulas (levantarse a destempo, falar durante as explicacións, non atender nin deixar atender aos compañeiros/as, etc.) con efectos negativos para o desenvolvemento normal das clases.

Citamos algunhas das condutas máis habituais:

- Pintar nas mesas.
- Tirar cousas pola clase.
- Consumir algún tipo de comida en espazos non permitidos.
- Desordenar mobiliario.
- Emitir ruídos ou berros na clase.
- Saír ou entrar desordenadamente.
- Falta de interese, pasividade ou inactividade.
- Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo, e roupa e calzado deportivo, no caso da clase de Educación Física (ocasional).
- Falar a destempo.
- Non acatar as ordes do profesorado (ocasional).
- Levantarse do sitio sen permiso.
- Faltarlle ao respecto a algún compañeiro/a.
- Interromper os xogos dos seus compañeiros.

Citamos como causas dos anteriores comportamentos as seguintes:

- Impulsividade, pouca reflexión.
- Falta dun referente de autoridade.
- Falta de responsabilidade da familia ante o centro en casos puntuais.
- Falta de atención e de escoita activa.
- Falta de motivación.

As condutas violentas

Moi ocasionalmente observamos algunhas condutas agresivas, pretas da violencia, sen que as persoas que provocan o conflito saiban controlarse.

Nestas condutas prodúcese un dano físico, verbal ou psicolóxico causado a outra persoa de xeito intencionado, nuns casos e instintivo noutros. Trátase de episodios de agresividade verbal (falar mal do/a outro/a, ofender, insultar, poñer alcumes...) ou física (pegar, empuxar, dar tortas, facer a cambadela...) entre un/unha ou varios/as alumnos/as, como forma de solucionar un determinado conflito ou como resposta a unha provocación percibida.

3. OBXECTIVOS E INDICADORES DE LOGRO

OBXECTIVO	Acción / INDICADOR DE LOGRO
Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.	Redución do número de incidentes de indisciplina, mellora nas enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado, aumento da participación en actividades escolares.
Previr o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.	Número de casos de acoso escolar reportados, porcentaxe de casos resoltos de maneira satisfactoria.
Mellorar o clima escolar propoñendo accións cooperativas ou dinámicas de aula con fin dunha resolución pacífica dos conflitos. Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.	Redución dos conflitos reportados, participación en actividades cooperativas, melloras nas enquisas de clima escolar.
Propoñer mecanismos necesarios para levar a cabo unha eficiente educación emocional no centro.	Implementación de programas de educación emocional, feedback positivo do alumnado e profesorado.
Poñer en funcionamento o Plan de Convivencia Escolar do centro.	Creación e difusión do Plan de Convivencia, nivel de cumprimento das actividades propostas, avaliación anual do plan.
Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos entre persoal do centro e entre o alumnado.	Número de casos de conflitos resoltos e satisfacción dos participantes.
Poñer en marcha dinámicas de mediación para fomentar as habilidades sociais e a intelixencia emocional entre o alumnado.	Cantidade de dinámicas de mediación realizadas, número de alumnos participantes, melloras nas habilidades sociais observadas.

Promover plans de formación en materia de convivencia e benestar.	Número de plans de formación deseñados e implementados, participación do profesorado.
Fomentar o respecto entre todo o alumando e o profesorado do centro e toda a comunidade educativa.	Redución de incidentes de falta de respecto, mellora nas enquisas de satisfacción de todos os membros da comunidade educativa, observacións positivas nas aulas.
Potenciar o deseño e a posta en marcha de programas de intervención para a adquisición e desenvolvemento de competencias emocionais.	Cantidade de programas deseñados e implementados, resultados das avaliacións dos programas, testemuños positivos dos participantes.
Fomentar o traballo colaborativo para a posta en práctica das habilidades sociais e fomentar o respecto pola diversidade.	Número de actividades colaborativas realizadas, participación activa do alumnado, aumento na aceptación da diversidade.
Potenciar dinámicas de grupo, sobre todo ao principio de curso, con tempo específico para compactar ao alumnado das aulas de nova formación.	Número de dinámicas de grupo realizadas, integración do alumnado nas novas aulas, feedback positivo nas enquisas de inicio de curso.

3. ACTIVIDADES

Dentro do plan de benestar incluiremos as seguintes actividades:

- **Obradoiros para favorecer o desenvolvemento do benestar emocional do alumnado**

Ao rematar o terceiro trimestre dedicarase unha xornada para a realización de obradoiros que contribúen ao desenvolvemento do benestar emocional do alumnado. Participan todos os alumnos e alumnas do centro.

O alumnado distribúese en grupos mesturados por idade coa finalidade de acadar o desenvolvemento do traballo colaborativo e cooperativo. Os alumnos maiores configúranse como guías dos mais pequenos. Neste contexto xorde a colaboración, a empatía e a axuda. O alumno/a que pide axuda gaña en autonomía ó buscar quen e como pode axudalo.

Os alumnos/as que axudan gañan en seguridade ó poder atender a un compañeiro, ó mesmo tempo xorde a empatía xa que este alumno con anterioridades noutras situacións seguro que tamén precisou axuda e colaboración dun compañeiro. Propóñense os seguintes obradoiros:

- Mindfullnes.
- loga.
- Pulseiras da amizade.
- Bote da calma.
- Lectura de contos relacionados coas emocións.
- Música e emocións.
- Visionado dunha curtametraxe.

➤ **Recanto da calma**

Creación dun recanto que está dispoñible para todo o alumnado. Nel poderán acudir cando o precisen.

➤ **Plan Proxecta**

Levaremos a cabo programas educativos para fomentar o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial, concretamente a través do **PLAN PROXECTA** : “*Proxecto de Vida Activa e Deportiva*” (XOGADE).

➤ **Proxectos**

Por outra banda, traballaremos por proxectos. A temática proposta para este curso é “**AUTORES E AUTORAS DOS NOSOS CONTOS**”.

➤ **PLAMBE**

Tamén queremos subliñar que o noso centro está integrado no **PLAMBE** (Plan de mellora das bibliotecas escolares da Consellería), co propósito de proporcionar unha biblioteca escolar activa e renovada, coa finalidade de que o alumnado e o profesorado poidamos alcanzar os obxectivos e mellorar a calidade dos procesos de aprendizaxe.

➤ **Plan de Bibliotecas Creativas**

Ademais, tamén formamos parte do "**PLAN DE BIBLIOTECAS CREATIVAS**". Deste xeito, a biblioteca converteuse nun elemento fundamental para a innovación educativa, xa que promove e lidera a aplicación de metodoloxías activas, a integración das TIC en contextos reais de aprendizaxe e o traballo por proxectos, constituíndo un espazo de encontro para a convivencia e o benestar.

➤ **Días conmemorativos**

O equipo de Convivencia e Benestar participará activamente en tódalas **conmemoracións** a nivel de centro ou aula que se desenvolvan no centro durante o presente curso escolar.

Especialmente nas seguintes datas:

- **Día da NON VIOLENCIA**. 25 novembro.
- **Día INTERNACIONAL DA PAZ ESCOLAR E DA NON VIOLENCIA**. 30 xaneiro.
- **Día INTERNACIONAL DA MULLER**. 8 marzo.
- **Día MUNDIAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR**. 2 maio.

➤ *Aula Antón Pulido*

- No tempo de lecer os alumnos teñen a posibilidade de empregar a “**AULA ANTÓN PULIDO**”. Dita aula estreouse ao final do curso 2022-23, e foi un proxecto no que participou todo o claustro xunto coa colaboración coa Consellería de Educación e a Deputación de Ourense que aportaron unha dotación económica por ambas partes.
- Para plástica, desdobre (5º e 6º) e unha hora á semana cada grupo.
- Dispoñen de diversos materiais para utilizar, así como xogos de construción tipo “Lego”.
- Este espazo supón unha alternativa ó patio, xa que nesta aula os alumnos comparten materiais, crean en equipo, desenvolven a súa imaxinación, e todo isto nun ambiente cooperativo e participativo, onde os alumnos son capaces de autorregularse e resolver os posibles conflitos que poidan xurdir.

➤ *Comedor escolar*

Cómpre destacar a boa organización do comedor onde se mesturan maiores e pequenos nas mesas. Deste xeito, os maiores son os responsables da súa mesa, tratando de manter a limpeza e o orde na mesma. Así mesmo, serven a comida ao resto da mesa e incluso animan e dan de comer aos máis cativos. Todo isto contribúe activamente para que os alumnos acaden un maior nivel de compromiso, responsabilidade, convivencia e colaboración.

➤ *Actividade formativas*

- “POÑENDO OS LENTE PARA A PROTECCIÓN DA INFANCIA”. Esta formación foi impartida pola asociación **AMINO GALICIA** e estaba encamiñada a dotar ao profesorado de ferramentas para poder previr e detectar o abuso sexual infantil.
- Congreso de coordinadores/as de benestar e convivencia.

- Xornada de formación do equipo de actuación contra o acoso escolar.

4. PROCEDIMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN E, NO SEU CASO DIFUSIÓN

A Comisión de Convivencia (Consello Escolar) é responsable de facer o seguimento e coordinar o Plan de Convivencia escolar. A Directora, así como os profesores nos que delegue esta competencia, son encargados de aplicar as normas de convivencia no centro.

A Dinamización de Convivencia e Benestar reunirase, sempre que sexa pertinente, para analizar as incidencias ocorridas, revisar as accións levadas a cabo e avaliar os resultados alcanzados en relación coa posta en marcha do Plan de Convivencia escolar.

Ao rematar o curso escolar, elaborárase un Informe Anual da Convivencia no que se avaliará o conxunto de medidas planificadas e postas en práctica para mellorar a convivencia no centro.

➤ ***Avaliación dos procesos:***

O centro educativo elaborará o final de cada curso escolar, unha memoria da Programación de Convivencia e Benestar, que se incorporará á memoria final de curso, e que conterá, os seguintes aspectos:

- Grado de implantación e nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Actuacións realizadas e grado de participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Formación e asesoramento recibidos nesta materia pola comunidade educativa e recursos empregados.
- Valoración dos resultados, conclusións e propostas de mellora para cursos sucesivos.
- Documentación elaborada.

➤ *Criterios para a avaliación e valoración da Programación*

- Mellora na relación dos alumnos e nos grupos, manifestado polos alumnos, profesores e os titores.
- Grado de cumprimento das diferentes actividades propostas.
- Implicación dos diferentes órganos do centro para levar a cabo a Programación.
- Recursos materiais e humanos utilizados.
- Mellora xeral do clima de convivencia.

➤ *Difusión*

O *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo* de Amoeiro divulgará este documento por diferentes medios entre a comunidade educativa, facilitando o seu coñecemento por parte de todos.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo a través da páxina web do centro.

7.11. ESCOLA DE NAIS E PAIS

No desenvolvemento normativo actual, en materia de convivencia, amósase grande interese polo papel que as familias do noso alumnado desenvolven en todo o seu proceso educativo e, polo tanto, trátase de ofrecer diferentes vías de participación. Tendo en conta este desenvolvemento normativo, cómpre indicar que o plan de convivencia de cada centro recollerá, de ser o caso, a creación da escola de nais e pais do centro, segundo se indica no artigo 27 do Decreto 8/2015.

A finalidade da escola de nais e pais consiste en propoñer iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo para tratar de mellorar en aspectos importantes en materia de convivencia:

- ✓ Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- ✓ Desenvolver a súa potencialidade como educadores dos seus fillos ou fillas.
- ✓ Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- ✓ Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe ós seus fillos ou fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

8. USO DOS DISPOSITIVOS MÓBILES

Tendo en conta a Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos:

1. Establécese a prohibición de uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos e tamén os períodos non lectivos. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos.
2. Considéranse aos efectos deste protocolo como períodos non lectivos os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
3. Poderase establecer excepcionalmente normas para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado.

4. Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.

9. ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Medidas que afectan á organización

- M1.1. Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran.

- M1.2. Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...) e mellorar as zonas de ocio (organizar grupos de xogo diferenciadas por zonas: campos de fútbol a partir de 1º de primaria).

- M1.3. Potenciar un estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderado).

-M1.4. Incluír nas programacións a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.

- M1.5. Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.

-M1.6 Establecer un equipo de medidores entre o alumnado para axudar a mellorar a convivencia no centro.

Medidas para mellorar a formación do profesorado e das nais e pais ou titores legais

-M2.1. Promover desde a comisión de convivencia e asociación de nais e pais actividades informativas e formativas para nais e pais en relación cos temas de convivencia.

- M2.2. Elaborar orientacións e establecer programas formativos dirixidos ao profesorado e ás familias, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a transmitirles aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar aos menores en caso de confirmarse o ciberacoso e en caso de ameazas graves presentar a correspondente denuncia no organismo competente.

Medidas para mellorar as relacións interpersoais

- M3.1. Potenciar a participación de todo o alumnado nos xogos e outras actividades evitando as exclusións.

-M3.2. Coidar as relacións entre o profesorado e do profesorado coas familias, de xeito que constitúan un modelo para as relacións entre o alumnado.

-M3.3. Ensinar a dialogar como un medio para confrontar ideas, defender os nosos puntos de vista, argumentalos, fomentando todas as actitudes básicas que o fan posible (escoita, comprensión, respecto das formulacións das outras persoas, argumentación, sinceridade e calma...), para facer do diálogo unha estratexia habitual nas situacións da vida do centro.

- M3.4 Potenciar o traballo en equipo do profesorado como modelo do traballo en equipo do alumnado e como medio para desenvolver un proxecto común de centro e desenvolver unha cultura de colaboración.

- M3.5. Educar sentimentos, actitudes e valores.

- M3.6. Proporcionarlle ao alumnado unha educación para a igualdade entre mulleres e homes. No Plan de Igualdade do centro figuran estas medidas.

- M3.7. Favorecer as relacións do alumnado a través dos mediadores.

Medidas de intervención directa ante problemas de convivencia

-M4.1. Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión real da convivencia que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro.

- M4.2. Solicitar o apoio e asesoramento da orientadora ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.

Medidas dirixidas á difusión do plan de convivencia e doutros documentos relacionados

-M5.1. Presentación do plan de convivencia ao profesorado.

-M5.2. Elaborar unha información-guía para as familias do alumnado de Educación Infantil con normas e consellos que faciliten a súa adaptación a esta etapa educativa, así como o paso á educación primaria.

10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

Os responsables desta avaliación serán, en primeiro lugar, a comisión de convivencia, o equipo directivo e o consello escolar, coa participación de todos os sectores da comunidade educativa.

Entre os ámbitos e criterios desta avaliación podemos destacar:

- En relación coa contorna social: relacións centro educativo-institucións da contorna; relacións familia-institucións da contorna; oferta de formación e ocio das institucións do contorno; plans de mellora da convivencia social...
- En relación coa contorna familiar: relacións centros-familias; canles de comunicación e de información; participación das familias; espazos e tempos dedicados á relación; estilos educativos das familias; formación das familias...
- En relación coa contorna escolar: espazos, instalacións e mobiliario do centro; clima de convivencia no centro, nas aulas, nos recreos, cambios de clase...; normas de convivencia do centro e da aula; relacións entre os membros da comunidade educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

O equipo directivo garantizará a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

Logo da avaliación do plan de convivencia e en vista dos resultados acadados, o equipo directivo, xunto coa comisión de convivencia, arbitrará un procedemento para que os demais estamentos do centro (claustro de profesores, representantes do alumnado, ANPA...) realicen as propostas de mellora que consideren pertinentes para incluír na memoria final.

A comisión de convivencia, ao final de cada curso, elaborará a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

O consello escolar en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia aprobará ao final de cada curso escolar a memoria do plan de convivencia elaborada pola comisión de convivencia. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

11. APROBACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia do centro, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores da contorna que poidan ser interesados.

O equipo directivo do *CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo* levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa. A comisión de convivencia garantizará esta difusión a través das seguintes canles:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.

- ANPA do centro.
- A páxina web do centro. Dada a súa accesibilidade para toda a comunidade educativa será o lugar onde todos poidan consultar este plan de convivencia. Ademais tamén haberá unha copia no centro a disposición de quen a solicite.

Este Plan de Convivencia foi presentado ao Claustro de mestres/as o día 18 de xuño e, no Consello Escolar, o día 28 de xuño para a súa aprobación.

En Amoeiro, a 11 de maio de 2024.

A secretaria:

Vº e prace da directora:

Asdo: Margarita Álvarez Figueiras.

Asdo: Mª Beatriz Glez Limia.

ANEXOS

Para levar a cabo as nosas actuacións teremos en conta os protocolos elaborados pola Consellería que están publicados na páxina:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>